



SESION ORDINARIA DE 26 DE FEBREIRO DE 2020

(Acta número 02)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e trinta minutos do día **vinde e seis de febreiro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Como ben se sinala no encabezamento, a sesión do Pleno da Corporación correspondente ó mes de febreiro de 2020 sofre un retraso, comezando ás once horas e trinta minutos, debido á manifestación que se achegou ata as inmediacións da Deputación Provincial, para conseguir un marco enerxético estable que garanta a viabilidade de Alcoa, e que foron recibidos pola Corporación Provincial co seu Presidente á fronte, o cal acompañou aos membros do Comité de Empresa ata o Rexistro da Entidade provincial para a presentación das alegacións ao estatuto para que sexan consideradas polo Goberno Central.

Unha parte dos manifestantes, concretamente membros do Comité de empresa de Alcoa e participantes na manifestación acoden ó Salón de Plenos onde se vai celebrar a sesión ordinaria, proferindo consignas reivindicativas relativas ao obxecto da manifestación.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Bo día a todos; e imos dar comezo á sesión do Pleno desta Corporación correspondente ó mes de febreiro; entendendo as manifestacións dos traballadores de Alcoa por suposto, e apoiando as súas reivindicacións como lucenses, se nos permiten desenvolver o Pleno, e senón teriamos que suspendelo polo tempo que isto perdure, pero se as circunstancias o permiten desenvolveremolo con normalidade”.

Pide a palabra a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Tendo en conta que na Orde do Día hai un asunto que afecta directamente ás persoas que hoxe se desprazaron á capitalidade para facer as súas reivindicacións, que nós tamén compartimos, e cos que nos solidarizamos, prégolle que convide ó comité a que asista á sesión plenaria e que invirta a Orde do Día para poder debater o que entendemos que vai ser ademáis unha proposta unánime de tódolos Grupos que forman parte desta Corporación, por suposto dende o máis absoluto respecto institucional”.



A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Entendo que os Plenos son públicos, dentro da orde pode asistir calquera, os comités de empresa tamén están convidados, eu díxenlles que sen pancartas e sen ruído poden estar sen ningún problema, doutro xeito non, como é normal, pero se queren poden estar.

Non temos porque alterar a Orde do Día, como vostede sabe os temas administrativos van antes, as propostas políticas van despois e, alo menos que eu teña constancia, van sempre por orde de rexistro; polo tanto non temos porque alterar esa orde, pódese desenvolver con normalidade o pleno. Por tanto moitas grazas pola súa suxestión, e imos dar comezo á sesión plenaria”.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos membros presentes.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO.

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DAS DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A sesión plenaria ordinaria do 29 de novembro de 2016 da Deputación de Lugo aprobou unhas directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos provinciais, que tiñan coma obxectivo precisamente regular o novo trámite de consulta previa indicado no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos provinciais que non está regulado na Lei 7/1985, do 2 de de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto o informe do Servizo de Novas Tecnoloxías de data 18 de febreiro de 2020, que corrixe ao anterior de data 17 de febreiro de 2020, no que se di:

“ ...

Co obxectivo de darlle máis continuidade no tempo ás directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das Ordenanzas e Regulamentos provinciais da Deputación de Lugo, dende o Servizo de Novas Tecnoloxías consideramos oportuno modificalas para que non dependan da estrutura de áreas de goberno que poida ter a Deputación de Lugo a futuro e que pode ir cambiando co tempo. Neste sentido proponse realizar as seguintes modificacións nas directrices co obxectivo de eliminar as referencias concretas ás áreas particulares de goberno:

Onde dí:

“ (...) 3.1. Corresponderá ao Pleno, a proposta conxunta do deputado/a delegado/a da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, e do deputado/a delegado/a da Área de Goberno competente por razón de materia, acordar o sometemento a consulta pública das ordenanzas e regulamentos provinciais (...) “

Modifícase por:

“ (...) 3.1. Corresponderá ao Pleno, a proposta do/ Presidente/a, acordar o sometemento a consulta pública das ordenanzas e regulamentos provinciais (...) “

e onde dí:



“ (...) 7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa o deputado/a delegado/a da Área de Innovación, Participación cidadá, Mocidade e Deportes, achegará, no prazo de 10 días hábiles, o resultado da consulta ao deputado/a delegado/ da área competente en razón da materia da iniciativa normativa sometida a consulta previa, con indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais opinións manifestadas(...) “

Modificarse por:

(...) 7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa o/a Presidente/a, achegará, no prazo de 10 días hábiles, o resultado da consulta ao deputado/a delegado/ da área competente en razón da materia da iniciativa normativa sometida a consulta previa, con indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais opinións manifestadas(...)

... “

Visto o informe da Secretaría Xeral da Deputación de Lugo a este respecto, no que se informa favorablemente sobre a modificación das Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de Ordenanzas e Regulamentos desta Deputación.

En consecuencia do anterior, a proposta do delegado da Área de Promoción Económica e Social, proponse ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Modificación das directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das Ordenanzas e Regulamentos provinciais da Deputación de Lugo, nos termos seguintes:

Onde dí:

“ (...) 3.1. Corresponderá ao Pleno, a proposta conxunta do deputado/a delegado/a da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, e do deputado/a delegado/a da Área de Goberno competente por razón de materia, acordar o sometemento a consulta pública das ordenanzas e regulamentos provinciais (...) “

Modificase por:

“ (...) 3.1. Corresponderá ao Pleno, a proposta do/ Presidente/a, acordar o sometemento a consulta pública das ordenanzas e regulamentos provinciais (...) “

e onde dí:

“ (...) 7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa o deputado/a delegado/a da Área de Innovación, Participación cidadá, Mocidade e Deportes, achegará, no prazo de 10 días hábiles, o resultado da consulta ao deputado/a delegado/ da área competente en razón da materia da iniciativa normativa sometida a consulta previa, con indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais opinións manifestadas(...) “

Modificarse por:

(...) 7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa o/a Presidente/a, achegará, no prazo de 10 días hábiles, o resultado da consulta ao deputado/a delegado/ da área competente en razón da materia da iniciativa normativa sometida a consulta previa, con indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais opinións manifestadas(...)

SEGUNDO.-A publicación de dita modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE BECERREÁ PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚN CONSISTENTES NA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN ANTIGO FOGAR ESCOLA E CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DUN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL EN BECERREÁ.



Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver o informe proposta en relación co asunto figurado no epígrafe, do seguinte teor:

“En relación co asunto de referencia, e a solicitude do Secretario Xeral Adxunto, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

I.- A Deputación mediante acordo plenario, en sesión celebrada con data 29 de novembro de 2016, prestou aprobación ao convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o concello de Becerreá para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal en Becerreá.

II.- En data 19 de decembro de 2016, asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Becerreá , no que entre outros se recollía na cláusula sexta, relativa a duración do convenio:

“SEXTA.- Duración do convenio de colaboración.

6.1. A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2016 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminen o conxunto de actuacións e obrigas de contido económico adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas nas cláusulas primeira, terceira e cuarta en canto ás achegas e obrigas cuantificadas economicamente, respectando o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, so Réxime Xurídico do Sector Público.

A recepción da obra, emisión da certificación final a conta da liquidación e aprobación e pagamento, deberá efectuarse antes do 30 de setembro de 2019, en atención aos prazos fixados no artigo 235 do TRLCSP en relación a recepción dos contratos de obra.

Nesta data, salvo prórroga previamente acordada, extinguiranse as achegas e obrigas de contido económico asumidas nestes convenios.

6.2.- En todo caso a vixencia do convenio concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se inicie a prestación dos servizos sociais, de conformidade cos acordos que legalmente procedan e nas modalidades de xestión habilitadas polo ordenamento xurídico, propias da residencia e centro de día.

Establécese, salvo prórroga expresa acordada antes da finalización deste prazo, a data do 30 de abril de 2020 como límite temporal para comezar a prestación das funcións específicas de centro de día e residencia e polo tanto data de extinción do convenio por vencemento do prazo acordado; respectando, polo tanto, os límites temporais de catro anos previstos no art. 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro”.

Asimesmo a cláusula terceira denominada “achegas obrigas e compromisos das partes” sinala :

“2.Executar os investimentos, obxecto deste convenio e cuantificados economicamente na data límite do 30 de abril de 2019”

III.- Pola Alcaldía do Concello de Becerreá , achegase a Deputación de Lugo escritos con data de 29 de novembro de 2019 (ERE 2019RT005799) e 7 de xaneiro de 2020(ERE 2020RT000028)) , dentro do prazo de vixencia xeral do convenio , solicitando prórroga da vixencia do referido convenio.

IV.- O clausulado do convenio que resulta afectado por este cambio é o seguinte:

A) A cláusula 3º en canto achegas obrigas e compromisos das partes

b) A cláusula 6ª, en canto a duración do convenio interadministrativo

V.- O citado convenio contempla, por tanto de xeito expreso a posibilidade de prórroga

Debe considerarse ós efectos da súa aplicación que diversas circunstancias xustificadas polos servizos de arquitectura e benestar social e igualdade aconsellan polas diversas cuestións que inciden na posta en marcha do equipamento a prórroga nos termos previstos na proposta de modificación.

Así o servizo de arquitectura ten informado en documento con CSV

IV66WL3CGH4YJZGY2BV45Z3RMI , concluindo:

“Además de lo anterior y en previsión de que la tramitación del modificado exija la suspensión temporal de la obra resulta oportuno retrasar la fecha prevista para la finalización de la obra hasta el 30 de diciembre de 2021.



Este plazo y al margen de otras vicisitudes que puedan afectar al transcurso de la obra y que no puedan ser previstas en este momento se considera suficientemente amplio como para ser considerado como un límite máximo que el propio proyecto modificado podrá modificar justificadamente en el documento de proyecto "Plan de Obra" .

Pola súa banda a sección de benestar social e igualdade ten informado en documento con CSV: IV66WIDZAAO6WVEDSMEE4QKB74 , concluíndo :

“Dende a sección de Benestar Social e Igualdade infórmase favorablemente á tramitación dunha prórroga do convenio de colaboración asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Becerreá o 19.12.2016, para a execución dos fins común consistentes na demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal de Becerreá, antes do 30.04.2020, aconsellando un período de 3 anos, isto é, ata o 19.12.2023.”

VI.- Deste xeito, as cláusulas referenciadas, quedarían redactadas da seguinte maneira:

“TERCEIRA.- Achegas, obrigas e compromisos das partes.

3.1. a) Deputación Provincial de Lugo: achegas e obrigas

En cumprimento do presente convenio de colaboración, a Deputación Provincial obrígase ao seguinte:

- 1. Financiar, contratar, executar e desenvolver á súa costa, as actuacións obxecto deste Convenio, sinaladas na cláusula primeira (relativas a demolición da construción existente e construción do centro de día e residencial comarcal en Becerreá) con medios propios e/ou a través dos procedementos de licitación previstos no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), ata os importes indicados, con cargo aos orzamentos de 2016. O financiamento das anualidades de 2017 2018 2019 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*
- 2. Executar os investimentos, obxecto deste convenio e cuantificados economicamente na data límite do 30 de decembro de 2021.*
- 3. Establecer nos pregos reitores das licitacións para a demolición da edificación existente para a construción do equipamento de centro de día e*

residencia que a entidade adxudicataria asuma o pagamento dos tributos que se liquiden, en lugar da Deputación.

4. En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes fins:

Primeiro .- Aos custes das direccións facultativas que se precisen, de ser xustificadamente externalizadas, tanto en relación coa demolición da edificación existente, como coa contratación do equipamento do centro de día e residencial comarcal de Becerreá. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial.

Segundo.- Ao pagamento de tributos que se liquiden para autorizar a posta en funcionamento e actividade do equipamento residencial.

Terceiro.- A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, ao centro día e residencia, nos termos previstos no apartado seguinte (3.1 b)

5. Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

3.1. b) Compromisos xerais que asume a Deputación Provincial de Lugo, sen cuantificación económica:

3.1. b, 1) Equipar o Centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación.

3.1.b,2) A posta en funcionamento e xestión do equipamento social (centro de día e residencial), de acordo cos trámites e procedementos establecidos no ordenamento xurídico e nomeadamente o establecido nos artigos 85 da Lei de bases de réxime local e 29 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, tendo en conta a súa cualificación destes servizos como públicos (art. 1.1).

3.1 b, 3) Fixar uns prezos por praza acordes co fin do servizo social que presta, baseados nos correspondentes informes técnicos e no caso de concerto de prazas coa Xunta de Galicia, nos que determine a mesma en relación cos seus centros.

3.1. b, 4) A Deputación asume o compromiso, chegado o caso, de realizar oferta pública de prazas para a prestación das actividades específicas de centro de día e residencia.



(...)

SEXTA.- Duración do convenio de colaboración.

6.1. A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2016 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminen o conxunto de actuacións e obrigas de contido económico adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas nas cláusulas primeira, terceira e cuarta en canto ás achegas e obrigas cuantificadas economicamente, respectando o establecido o artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do Réxime Xurídico do Sector Público .

A recepción da obra , emisión da certificación final a conta da liquidación e aprobación e pagamento, deberá efectuarse antes do 30 de xuño de 2022, en atención aos prazos fixados no artigo 235 do TRLCSP en relación a recepción dos contratos de obra.

Nesta data , salvo prórroga previamente acordada, extinguíranse as achegas e obrigas de contido económico asumidas neste convenios

6.2.- En todo caso a vixencia do convenio concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se inicie a prestación dos servizos sociais, de conformidade cos acordos que legalmente procedan e nas modalidades de xestión habilitadas polo ordenamento xurídico, propias da residencia e centro de día.

Establécese, salvo prórroga expresa acordada antes da finalización deste prazo, a data do 19 de decembro de 2023 como límite temporal para comezar a prestación das funcións específicas de centro de día e residencia e polo tanto data de extinción do convenio por vencemento do prazo acordado; respectando, polo tanto, os límites temporais de catro anos previstos no art. 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro. ”

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO .- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido.

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”, asimismo dita actividade se regula nos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

SEGUNDO.- Respecto aos títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica, Lei de servizos sociais de Galicia, cuxo art. 64 bis introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e administrativas, referente a promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais, a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica(...) e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

Esta lexislación sectorial autonómica é título idóneo para atribuír competencias as entidades locais, conforme a doutrina do TC (STC 41/2016).

Resultan aplicables por tanto os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 28 de novembro de 2016, emitido a efectos da súa aprobación.

TERCEIRO.- Na cláusula sexta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Becerreá para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencia e centro de día de atención a persoas maiores establece a vixencia nos termos indicados nos antecedentes .

E dado que na data actual está pendente o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, e non existe vontade das partes en declarar a súa extinción, faise necesario a



súa modificación, constando de xeito xustificado as causas de superación dos prazos de execución dentro do prazo xeral de vixencia do convenio.

O convenio non esta en ningunha das situacións de extinción do mesmo, de acordo co clausulado do mesmo, non se afecta a dereitos de terceiros e a súa modificación redunda no interese xeral buscado polas partes con este convenio.

Ademais, o concello dentro do prazo de vixencia solicitou a súa prórroga, vontade coincidente coa desta Deputación, en ampliar a vixencia do convenio para dar cumprimento os fins sinalados no mesmo e pendentes de execución a data actual.

En conclusión, entendendo que o convenio neste momento non está extinguido, ao non estar cumpridos os compromisos e obrigas do mesmo, compre responder a solicitude de prórroga do concello de Becerreá e mediando acordo de vontade das partes é posible a prórroga e a modificación do mesmo por estar prevista de xeito expreso esta posibilidade na cláusula sexta debendo acordarse antes do 30 de abril de 2020.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

CUARTO.- O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

QUINTO .- En canto ao órgano competente considerando que aprobación do convenio se produciu por acordo plenario, enténdese procedente que a súa modificación se realice por ese mesmo órgano con idéntica maioría non cualificada.

En consecuencia, infórmase favorablemente a solicitude de prórroga e modificación do Convenio a medio de addenda, onde se fai constar a modificación identificada no presente informe, dadas as motivacións expostas, sendo adecuada á satisfacción alcanzar os fins e obxectivos perseguidos no momento da sinatura.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

O presente substitúe a calquer outro asinado con anterioridade sobre o presente expediente”.

Visto o informe precedente e documentación obrante no expediente así como a solicitude do Concello de Becerreá, confórmase por esta Presidencia, propoñendo a súa aprobación plenaria nos termos expostos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DO CONCELLO DE ALFOZ, SOLICITANDO MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVERTEMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de ALFOZ, no que solicita unha modificación/substitución de investimentos incluídos no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

2. O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:

I.- CONCELLO DE ALFOZ

a) O Concello de ALFOZ, incluíu no programa de investimentos do Plan único 2019, entre outros o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ALFOZ	8	AMPLIACIÓN E REFORMA DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN AUGAQUENTE, CENTOI, AS CAMPELAS, A ARNELA, GUILIFONSO, O PAZO-XOGRAL, ARRIBA DO RIO, ANXERIZ, A PARROCHA, VILAÚDE, A GRANDA, BARBEITO E A GRELA	--	39.164,33€	39.164,33€

b) A Alcaldía do Concello de ALFOZ, solicita a través de escrito con RE nº 2020RT000542, de data 06/02/2020; modificación/substitución de investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 8 do plan único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... non obter autorizacións definitiva de Augas de Galicia ...” polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar o investimento indicado, co orzamento que se sinala, sen modificacións na achega da Deputación. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa á nova actuación solicitada, que de ser aprobado polo Pleno dita modificación, quedaría incluída no Plan único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ALFOZ	8	AMPLIACIÓN E REFORMA DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN AUGAQUENTE, CENTOI, AS CAMPELAS, A LOMBA, A ARNELA,	--	39.164,33€	39.164,33€

		GUILIFONSO, O PAZO-XOGRAL, ARRIBA DO RIO, ANXERIZ, GORBIDAL, VILAÚDE, A GRANDA, BARBEITO E A GRELA			
--	--	--	--	--	--

3. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

4. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de ALFOZ, que se sinala, e que quedan incluídos no PLAN ÚNICO 2019.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de ALFOZ, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ALFOZ	8	AMPLIACIÓN E REFORMA DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN AUGAQUENTE, CENTOI, AS CAMPÉLAS, A LOMBA, A ARNELA, GUILIFONSO, O PAZO-XOGRAL, ARRIBA DO RIO, ANXERIZ, GORBIDAL, VILAÚDE, A GRANDA, BARBEITO E A GRELA	–	39.164,33€	39.164,33€



2º.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo realiza unha importante labor de fomento, que na súa modalidade máis habitual se canaliza, na súa maior parte, a través da actividade subvencional a todas aquelas persoas ou entidades que leven a cabo proxectos, actividades ou comportamentos que coadxuven ou suplan as actividades atribuídas á competencia local en ámbitos considerados de interese xeral.

Co obxecto de regular un tratamento homoxéneo destas subvencións, atendendo á diversidade das actuacións en materia de fomento e a súa relevancia económica, aprobase a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo Deputación Provincial de Lugo, publicada no BOP o día 07 de Marzo de 2005.

Tendo transcorrido máis dunha década dende a aprobación da referida ordenanza, é necesario proceder á modificación da mesma co fin de actualizala e adaptala á normativa vixente.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos d fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de ordenanza)

Para dar cumprimento ao disposto na citada Lei, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo aprobou, con data 29 de novembro de 2016, as “Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamento provinciais da Deputación provincial de Lugo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia o día 13 de xaneiro de 2017.

No artigo 1.2 das Directrices citada establécese que “con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento provincial, formularase unha consulta pública a través do portal web <http://portaltransparencia.deputacionlugo.org/> na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas”.

O artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispón que para a modificación das Ordenanzas e Regulamentos deberán observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO:



1º.- Realizar a consulta previa en relación á modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública as persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas nalgún dos municipios da Provincial de Lugo, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

4 º.- Ordear a súa publicación no portal web da Deputación Provincial de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO MARCO E DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO, EN MATERIA DE PREVISIÓN SOCIAL PARA CONTINXENCIAS DE XUBILACIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Recursos Humanos, do seguinte teor;

“I. ANTECEDENTES

A instauración da negociación colectiva nas Administracións Públicas, nos anos 90, supuxo unha oportunidade de dar canle ás lexítimas expectativas dos empregados públicos de poder negociar, ao igual que sucede no ámbito das empresas privadas, as condicións de traballo e articular os acordos acadados en textos que teñen forza vinculante e son de obrigado cumprimento unha vez ratificados polos respectivos órganos de goberno, que ostentan a representación da soberanía popular no seu respectivo ámbito de actuación; e tamén de amosar un modelo de xestión das relacións de servizo e laborais por parte dos sucesivos responsables políticos que persigue a eficaz xestión dos servizos encomendados legalmente á Entidade a prol da provincia de Lugo.

Dende que nos anos 90 e 91 se teñen negociado, formalizado e ratificado o primeiro convenio e o primeiro acordo colectivo de condicións de traballo do persoal laboral e do persoal funcionario, coñecidos como CCU e AMU, dentro do marxe que os principios de actuación administrativa e a lexislación de referencia permiten, téñense consolidado unha serie de condicións económicas, sociais, sindicais e asistenciais que constitúen unha referencia importante para o sector público local na provincia de Lugo e en Galicia.

A evolución normativa e consuetudinaria destes trinta anos fixeron necesario un constante exercicio de adaptación dos acordos ás posibilidades legais, nun contexto de cíclicas crises que poñían o foco na austeridade do sector público que tivo repercusión notable nas condicións acadadas, nomeadamente na pasada década.

Neste contexto, faise necesario analizar e modificar, de conxunto, as previsións contidas, respectivamente, nos artigos 51.7 do AMU e 54.7 do CCU, dentro dos seus respectivos Capítulos XI, que baixo o título de Condicións Sociais, abordan diversos aspectos asistenciais non estritamente retributivos, entre elas a xubilación por idade ou incapacidade dos empregados provinciais.

O seu análise e propostas de evolución non deben deixar de lado a implantación efectiva dun Plan de Pensións de Emprego na Entidade provincial, para facer realidade os compromisos recollidos nos artigos 51.8 do AMU e 54.8 do CCU, nun contexto legal, coa entrada en vigor do



Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, de integración do persoal das Entidades Locais no Réxime Xeral da Seguridade Social e a disolución da MUNPAL.

Igualmente débese ter en conta, para determinar os cambios a realizar, as modificacións legais que, en materia de xubilación, se teñen producido consistentes na introdución de incrementos da idade de xubilación ordinaria, dos anos a considerar para a determinación da base reguladora das pensións (incremento de 15 a 25 anos) e outros factores que perseguindo segundo os seus promotores a estabilidade e permanencia no tempo do sistema público de pensións, adían e modulan as pensións públicas resultantes.

Asemade, como expoñente dunha política de fomento das ferramentas asistenciais, faise necesario promover políticas que propicien unha maior integración do conxunto dos empregados provinciais no Plan de Pensións promovido pola Entidade a fin de que se vexan compelidos a facer previsións en materia de xubilación, que lles permita ter un retiro digno.

II. PROPOSTA

En consideración ao exposto, a Mesa Xeral de Negociación adopta os seguintes acordos:

1º.- Deixar sen efecto a aplicación das previsións recollidas no artigo 51.7 do AMU e 54.7 do CCU, baixo o epígrafe “Premio de Xubilación”.

2º.- Establecer, baixo a denominación “ACHEGA ESPECIAL AO PLAN DE PENSIONES”, o seguinte texto:

“Establécese unha achega especial de 2.600 € ao Plan de Pensións de Emprego, que se fará efectiva con anterioridade á data na que cada empregado/a provincial vaia a alcanzar a idade de xubilación, sexa por idade, baixo calquera das modalidades previstas no Réxime Xeral de Seguridade Social; ou sexa por invalidez, conforme ao establecido na lexislación de emprego público que resulte de aplicación.

Para que se faga efectiva a dita achega, deberánse cumprir as seguintes condicións:

- a) O/A empregado/a provincial deberá estar incluído/a como partícipe no Plan de Pensións de Emprego, promovido pola Deputación Provincial de Lugo, con anterioridade á data na que se produza a súa xubilación, sexa cal sexa a continxencia pola que se produza.
- b) Non ter recibido sanción disciplinaria firme como empregado público provincial, nos últimos 5 anos.
- c) No caso de tramitarse solicitude de xubilación anticipada por idade ou no caso de invalidez, deberase notificar cunha antelación de 3 meses a dita circunstancia para que a achega se poida realizar no prazo xeral sinalado e posibilitar que a achega teña efectividade para todas as continxencias cubertas polo Plan de Pensións. O suposto de incumprimento deste preaviso comportará que as continxencias cubertas pola achega, dentro do Plan de Pensións, limitaranse ás derivadas de falecemento ou dependencia.

3º.- Os expedientes correspondentes ao persoal provincial que se xubilou durante o ano 2019, e que aínda non teñan percibido o Premio de Xubilación, tramitaranse conforme ao sistema previsto neste acordo efectuándose a correspondente achega especial ao Plan de Pensións.

4º.- Este Acordo terá plena efectividade unha vez sexa ratificado polo Pleno da Corporación Provincial, en uso das atribucións que lle confiren os artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 57.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.



--00000--

Neste momento auséntase da sesión a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

7.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN QUE INCORPORE O USO DE DRONES Á ATENCIÓN SANITARIA NO RURAL.

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo e Don Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta a posta en marcha dun Plan que incorpore o uso de drones á atención sanitaria no rural.

O pasado domingo 9 de febreiro, amplos sectores da sociedade galega, xunto con profesionais do eido sanitario, manifestáronse en Santiago na defensa da Sanidade Pública. Nesa xuntanza rexeitouse a política de recortes económicos e de persoal que está a supoñer unha merma na prestación de servizos, que deteriora a atención que reciben os galegos e que obriga a un sobreesforzo ós profesionais sanitarios. A protesta fixo fincapé dun xeito específico na situación da atención primaria ou a perda de servizos no rural, co caso do paritorio de Verín como exemplo paradigmático.

Na provincia de Lugo, asociacións de veciños, profesionais e responsables políticos vimos reclamando dende hai tempo servizos sanitarios de calidade que permitan contar cunha rede sanitaria pública completa e de calidade. Que dote ó HULA do conxunto de servizos que lle corresponden como hospital de referencia; que garanta os servizos nos hospitais comarcais; que dote o servizo de ambulancias públicas do mesmo persoal que teñen o resto das provincias galegas.

Nestas reclamacións incluimos tamén a reclamación de melloras na modernización e o emprego das novas tecnoloxías. Entendemos que a sanidade pública ten que situar na vangarda á hora de trasladar á cidadanía as melloras que a investigación científica e técnica veñen producindo. Estamos tamén convencidos, como apuntan as probas feitas en países do noso entorno, que o uso das novas tecnoloxías pode abrir un novo campo á hora de achegar a atención sanitaria as persoas residentes en zonas rurais de poboación dispersa ou acceso complexo. Os servizos sanitarios son un factor capital á hora de fixar poboación no rural e cumpre explorar todos os camiños de mellora para contribuír a frear e reverter os procesos de despoboación.

O pasado mes de setembro a Xunta de Galicia anunciou a licitación dun programa para asistir con drones ós peregrinos que sufran unha parada cardiorrespiratoria o sistema estará integrado na Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias CCUS-061 que, en chamadas ó servizo con sospeita de parada cardiorrespiratoria, facilitará a asistencia sanitaria urxente mediante o envío precoz dun electrocardiógrafo e un desfibrilador, empregando un dron. Esta licitación busca mellorar os tempos de asistencia, achegando as manobras de reanimación cardiopulmonar e o desfibrilador semiautomático o paciente o antes posible. Este tipo de aeronave no tripulada, parece, de acordo con moitos estudos, o xeito máis rápido de chegar a localizacións xeográficas complexas. Os desfibriladores son de uso sinxelo e a persoa que acompañe ó paciente estará guiada en todo momento por persoal sanitario desde la Central de Coordinación do 061. O pliego da Xunta cifra en pouco máis de 1 millón de euros a cantidade necesaria para atender os 160 quilómetros de percorrido do Camiño Francés en Galicia durante o Xacobeo 2021, que se quere converter nun espazo cardioprotexido.

Entendemos que este tipo de programa non debe limitarse a actuacións vencelladas ó Camiño de Santiago, senón que ten que plantexarse como unha opción para explorar a mellora na atención sanitaria en caso de doenzas cardíacas ou outro tipo de patoloxías nas que a intervención rápida resulta fundamental. Ese é o espírito do programa “Lugo, provincia cardioprotexida” posto en marcha pola Deputación cun investimento inicial de 60.000 euros que permitirá dotar a 49 concellos de desfibriladores así como de formación para o seu uso.

Entendemos que a incorporación tecnolóxica que supoñen os drones, combinada co programa Lugo provincia cardioprotexida, e coordinada coa rede de centros sanitarios, unidades



móviles e ambulancias, pode supoñer unha ferramenta importante para garantir os tempos de resposta máis rápidos en zonas de montaña ou núcleos illados ou de difícil acceso.

Por iso presentamos esta Moción para solicitar á Consellería de Sanidade e a Xunta de Galicia

- A posta en marcha dun plan integral que incorpore o uso de drones á prestación sanitaria pública, especialmente en lugares afastados ou de difícil acceso, en todas aquelas doenzas nas que o tempo de resposta resulta decisivo
- Dotar da correspondente partida orzamentaria ó devandito plan para que en ningún caso a súa creación supoña unha escusa para aplicar novos recortes á sanidade pública
- Establecer os mecanismos de coordinación para que o sistema actúe dun xeito coordinado cos hospitais, centros de saúde e recursos sanitarios xa existentes, contribuíndo a incrementar a súa eficacia e non como escusa de novos recortes nos servizos sanitarios do rural”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Efectivamente traemos unha proposta, basicamente nun ton construtivo, despois de que o pasado domingo 9 de febreiro amplos setores da sociedade galega, xunto con profesionais do eido sanitario, se teñan manifestado en Santiago na defensa da sanidade pública; nesta xuntanza rexeitouse xa que logo esa política de recortes económicos e de persoal que está a supoñer unha merma evidente na prestación de servizos.

Na provincia de Lugo, asociacións de veciños, profesionais, e responsables políticos vimos reclamando dende hai moito tempo servizos sanitarios de calidade que permitan contar cunha rede sanitaria pública completa, e á altura das circunstancias e das necesidades dunha provincia coma a nosa.

Nestas reclamacións tamén incluímos melloras, e modernización e emprego de novas tecnoloxías, porque o avance no eido tecnolóxico, como se fixo aquí e se trouxo en varias iniciativas, como a reclamación da incorporación da técnica do robot Da Vinci para o HULA,

supón tamén poñernos ó nivel que merecemos e á altura doutros hospitais públicos do resto de Galicia; por iso as incluíamos nesas reclamacións.

E ademáis tamén temos que poñer sobre a mesa, como xa levamos feito durante moitos anos, que os servizos sanitarios son un factor capital e de importante relevancia á hora de fixar poboación no rural, e cómpre explorar todos aqueles camiños de mellora para contribuir a frear e reverter os procesos de despoboación.

O pasado mes de setembro a Xunta de Galicia anunciou a licitación dun programa piloto segundo o modelo de compra pública de tecnoloxía innovadora para asistir con drons ós peregrinos que sufran unha parada cardiorespiratoria; trátase evidentemente dun proxeto piloto, o sistema estaría integrado coa central de coordinación de urxencias sanitarias que, en chamadas ó servizo con sospeita de parada cardiorespiratoria, facilitaría en teoría a asistencia sanitaria urxente achegando un dron mediante un envío precoz cun electrocardiógrafo e un desfibrilador.

Evidentemente este tipo de aeronave non tripulada parece, de acordo con moitos estudos, que é o xeito máis rápido para facer chegar de maneira sinxela a esa persoa que acompaña ó doente algún soporte de carácter médico.

Polo tanto o prego da Xunta cifra en máis dun millón de euros a cantidade necesaria para poder desenvolver este proxeto piloto, e dar deste xeito cobertura ós 160 quilómetros de percorrido que ten o Camiño Francés aproximadamente en Galicia durante o Xacobeo.

Cal é a nosa proposta e porque digo que se fai nun ton construtivo?, porque se ben é certo que apelando e entroncando co espírito de desenvolvemento tecnolóxico que se está a facer nese polo tecnolóxico de Rozas, de que se trata dun proxeto interesante, perécenos unha moi boa oportunidade, e creo que non se debe deixar de aproveitar, para tratar de incorporar este tipo de tecnoloxía, non só para o Camiño Francés, senón facela extensible a todo o medio rural.

E quero rematar tamén aclarando que a nosa proposta, espero que a entendan ben, non significa evidentemente que por aplicar os drons deixemos de recurtar noutro lado senón, mantendo o que hai, consideramos que pode reducir os tempos de atención en casos de emerxencia, sobre



todo naqueles sitios que se atopen máis afastados, sabemos que o rural da nosa provincia é complexo, e consideramos que este tipo de tecnoloxía, máis aló da propia aplicabilidade no marco do Camiño Francés, pode ser unha iniciativa interesante facela extensiva a todo o rural da nosa provincia.

Básicamente isto é o que nós lles propoñemos, segundo se desenvolve un proxeto piloto no marco da compra pública de tecnoloxía innovadora, que fagan extensible esta medida e que tódolos veciños da nosa provincia, toda a xente maior, que ó mellor ten máis dificultades para poder acceder, teñan acceso a este servizo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar, señor Presidente, queríamos trasladar a nosa protesta por non aceptar, un día coma hoxe, debater en primeiro lugar o futuro desta provincia que é o que representan os traballadores que temos nestas inmediacións. Cremos que era o asunto máis importante para o futuro desta provincia de Lugo neste momento; e cremos, e así o expresou a nosa voceira, que debería ser o tema que nos debía preocupar en primeiro lugar neste momento. Polo tanto, xa que para vostedes non é o tema prioritario, imos comezar a falar de drons, o cal tamén está ben.

A proposta que fan vostedes sobre a utilización destes drons para o uso sanitario no ámbito rural a verdade é que non deixa de chamar a atención en que a xustifican en que en febreiro houbo unha manifestación, na cal determinadas persoas viñan protestar e volver dicir unha vez máis que a sanidade pública galega está en risco de morte, que a sanidade pública galega sofre unha serie de recurtes tremendos, intentando empañar o que é sen dúbida unha das mellores sanidades do Estado español e do mundo podíamos dicir. Creo que é absolutamente indubidable que nestes últimos anos se avanzou en sanidade en tódolos niveis.

Polo tanto ese argumentario tan manido de que a sanidade pública galega está morrendo, que o Sr. Feijóo a está destruindo, que o levan utilizando dez anos, dende o ano 2009 levan vostedes pechando hospitais públicos en Galicia, que nunca se pecharon; levan dicindo que os recurtes van cara a unha privatización da sanidade en Galicia, o cal é absolutamente falso; levan

dicindo os mesmos argumentarios, non me estraña que despois algúns podan chamarlles “socialistas de pacotilla” porque é ó que se adican, a utilizar uns eslogans que xa ninguén cre, no ano 2009 aínda alguén de boa fe puidera crelos, hoxe, máis de dez anos despois, xa non se cren.

E non se cren porque Galicia conta coa mellor rede de infraestruturas sanitarias de España, conta cos mellores hospitais, os cales ademáis están aí para ver, non é unha opinión absolutamente subxectiva do Partido Popular; aí está o hospital de Lugo, aí está o hospital de Vigo, aí está o próximo hospital anunciado na Coruña, ía está o hospital de Ourense; e aí están os hospitais comarcais, ese de Monforte, o da Mariña, que tódolos anos anuncian que se van pechar, e que o único que hai é tódolos anos obras e melloras. Polo tanto o debate da sanidade pública xa non o cre ninguén.

Nós temos que absternos necesariamente ante esta iniciativa porque ademáis felicitámonos moitos de que o Partido Socialista agora recoñeza a importante aposta que dende hai anos leva feito a Xunta de Galicia para o polo de Rozas e polo uso destes drons en moitas aplicación e en moitos setores, no sanitario tamén; lástima que cando se anunciaron esas inversións millonarias por parte da Xunta de Galicia e por parte do Presidente Feijóo algúns dixeran que era un derroche, que non se tiña en conta a Lugo para nada, agora que empezan esas saídas a apostar pola tecnoloxía parece que se queren apuntar, e quérense apuntar ademáis onde xa existe efectivamente, como vostede recoñece, un programa piloto, un programa de posta en funcionamento destes artiluxios e adicado directamente á sanidade e ó transporte urxente no ámbito do Camiño de Santiago e dos peregrinos, de desfibriladores e maquinaria sanitaria de atención a doentes, neste caso a peregrinos que podan ter sufrido un infarto ou algún tipo de problema cardíaco.

Parece lóxico que se se vai facer e se se ten anunciado xa un proxeto piloto que vai estar en pleno funcionamento no ano 2021, e xa ó longo deste ano haberá esas primeiras aplicacións prácticas, que antes de implantar xa esta idea en todo o ámbito da sanidade rural galega haxa que estar ó sentido e ó funcionamento deste plan piloto, e haxa que ver cales son as respostas na práctica que se leve a cabo.

Pero nós felicitámonos por recoñecer os éxitos da Xunta de Galicia, felicitámoslos por subirse ó carro dos drons, da aposta pola tecnoloxía, e tamén por esta proposta que vostedes queren



apuntar aquí e que non é máis que recoñecer que a Xunta de Galicia, o Sergas neste caso, a través tamén da Consellería de Industria, xa ten en funcionamento para un sector inicial e piloto, e que despois se pode ir aplicando a outros sectores”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“É curioso, señor García, que vostede e o Partido Popular, non sei se o nerviosismo dunhas eleccións convocadas, pero viven, como o noso Presidente, nun mundo de *yupi* ou de Alicia, porque fixo unha descrición da sanidade pública que dista moito da realidade, dicía que eran as mellores do mundo, pero vostedes si que son campións do mundo pero en recurte sanitario; di que non se cerraron, pero si que se pecharon paritorios que a presión social fixo que tiveran que reabrir.

Eu creo que se pretenden venderlles ás lucenses e ós lucenses esta realidade, non llela van mercar porque saben que é mentira, saben como están as listaxes de espera na sanidade pública, e saben un montón de cousas que fixeron; coma os recortes de máis de 200 millóns na atención primaria. Polo tanto esa primeira introducción que fixo está moi ben, están en campaña, pero un pouco de realidade non viria mal.

Nós imos votar a favor da proposta, pero o que si que nos chama a atención é que na que, segundo vostedes, era a lexislatura do rural, se fagan os programas pilotos coa xente que nos visita, que está moi ben apostar polo Camiño de Santiago, pero tamén hai xente que vive aquí e que aposta por que este país ten futuro, e quizá os que o fan nunhas condicións máis duras e menos favorables é a xente que vive no rural, entón ó mellor tería sentido tamén ter apostado nese programa piloto polo rural e non polo Camiño de Santiago, que, como dicía o Sr. Rivera, non temos nada en contra desa medida, pero se son a lexislatura do rural ó mellor podíase apostar por iso.

Estrañame tamén que se vaian abster, porque se son os campións do mundo da sanidade pública, isto debería ser un pouco máis para seguir subindo; pero o que hai na realidade é que vostedes só van recurtar, incluso puxo exemplos como o hospital de Vigo que é campión do mundo

nun modelo de privatización na sanidade pública, e puxo coma que iso non é privatizar, é que vostedes mesmos se contradín.

Polo tanto esa fotografía que fai vostede da sanidade pública nós non a vemos aquí, este Pleno non a viu en numerosas ocasións nesta lexislatura, e moitos manifestantes, que supoñemos que todos son igual de bos, aínda que para vostedes ás veces non, non a ven así, por iso están preocupados, por iso lles preocupa vender aquí unha película que non é. A sanidade pública está en perigo, como sigan vostedes van seguir pola vía dos recortes, e teñen isto que enfocan polo lado do Camiño de Santiago e o Xacobeo, e de rebote coa sanidade pública; pero tampouco se confundan, non veñan aquí presumindo de que sanidade si pero é unha vez máis vender fume.

E o que dicía, a nós parécenos igual ou incluso un pouco máis razoable apostar polos que viven aquí. Polo tanto todo o que sexa apostar polo rural ten o noso apoio”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“De maneira moi resumida, volvendo un pouco á moción e recuperando o fio, lóxicamente claro que temos que falar da sanidade cando a proposta que nós traemos aquí pretendemos que vostedes apoien que se faga extensible ó rural, a sanidade pública é un dos elementos motores e tractores que garanten a fixación de poboación no noso rural, e polo tanto creo que era oportuno traelo e falar disto.

E do mesmo xeito que nós na pasada Xunta de Goberno anunciamos a posta en marcha dunha provincia cardioprotexida, cun investimento piloto inicial na primeira fase de 60.000 euros, para colocar 49 desfibriladores, o que lle estamos plantexando é que ese mesmo modelo, que ese mesmo piloto que vostedes están a poñer enriba da mesa o fagan extensible ó rural; creo que entra dentro dun razonamento perfectamente lóxico, perfectamente construtivo e perfectamente encaixable nunha das opcións, como vostede falaba e presumía, do polo de Rozas. Evidentemente eu creo que cando se fala de Rozas é algo que tanto o Sr. Conselleiro, Paco Conde, coma vostedes, obvian, e que tamén ten financiación do Ministerio de Ciencia e Innovación. Polo tanto non é só unha cuestión única e exclusiva da Xunta de Galicia, parece que isto só o move a Consellería de



Industria, pero se non tivera financiación do Goberno do Estado, cuestión que ademáis, aínda que vostede non estivo alí pero eu si, lle agradeceu enormemente o propio Feijóo ó Secretario de Estado que estaba alí presente, que seguisen apostando por esa financiación.

Polo tanto non é só cousa de un, é cousa de varios, creo que efectivamente estamos ante unha grandísima posibilidade de redirixir un pouco esa actuación, non só circunscribila ó Camiño de Santiago, sei que á Xunta lle resulta moito máis fácil circunscribilo aí pero tamén hai que pensar un pouco na nosa xente do rural, na xente que ó mellor incorporando este tipo de iniciativas se lle salva unha vida ou se pode contribuir a que non teña problemas.

Vostede cando falaba da sanidade pública, Sr. García, estaba referindo que aquí eramos uns alarmistas básicamente, non era a palabra exacta pero si que vostede falaba dun certo alarmismo, e aquí o que estamos dicindo é que o paritorio de Verín non se pechou de casualidade, se de vostedes dependera e non houbera un certo activismo social ese paritorio pechaba.

Entonces o que estamos reclamando é estender eses servizos sanitarios ó rural; cremos que a través desta medida é posible facelo, e temos aí o polo de Rozas que ademáis se se desenvolve en Lugo moitísimo mellor”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Como vostedes defenderon un baño de realidade, baño de realidade é o que lles deron agora mesmo os traballadores de Alcoa; e deben ter en conta a situación real das cuestións antes de utilizar eses eslogans que sempre fan. Baños de realidade fai o Sergas e a Xunta de Galicia cando apostan nesta provincia pola mellora dos centros de saúde e hospitais comarcais desta provincia mentres vostedes levan dicindo durante dez anos que se ían pechar.

Baño de realidade é cando o Sergas aposta por un plan piloto, o Plan Ariadna, para tratar ós enfermos crónicos nos concellos máis pequenos e de máis difícil acceso para que teñan esa asistencia sanitaria nos propios domicilios. Baño de realidade é ter trinta médicos máis nesta

provincia en determinados centros de saúde e PACs que coinciden precisamente con concellos dos máis pequenos e non tan pequenos desta provincia. Todo iso é o baño de realidade.

Baño de realidade é dotar, como fixo a Xunta de Galicia de desfibriladores ás agrupacións de Protección Civil de toda a Comunidade Autónoma, ós centros de saúde, ós albergues públicos, e a moitos centros tal e como recolle a lexislación actual da Xunta de Galicia non sanitarios estritamente. Eses son os baños de realidade, o demais son eslogans; eses son os baños de realidade que vostedes non queren recoñecer.

Nós abstémonos porque se hai un programa piloto para utilizar esta tecnoloxía, que o hai, e estao levando a cabo a Xunta de Galicia, é lóxico que antes de pedir xa a súa implantación en Galicia se vexan as consecuencias prácticas e as melloras que conlevan estes plans piloto.

E por último co tema dos hospitais, vostedes que son os grandes defensores dos hospitais, que se atreven a dicir que o hospital Cunqueiro de Vigo non é público, vostedes que defenden a xestión pública directa, xa sabemos que hai detrás de vostedes cando gobernan, probablemente se vostedes gobernaran a Xunta de Galicia, que non a van gobernar, o que farían é encargarlle a xestión do hospital Cunqueiro a Tragsa, que é o que saben facer”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Señor García, voulle coller a palabra; baño de realidade eran os milleiros e milleiros de carteis que había de protestas dos usuarios e profesionais da sanidade pública que, para que os usuarios non viran cal era a realidade, prohibiron; prohibiron os carteis dos profesionais pero puxeron nunhas pantallas, que pagamos todas e tódolos galegos, propaganda institucional dicíndonos as bondades da sanidade pública. Pero a realidade era outra, era a dos carteis feitos a man en impresoras, ese era o baño de realidade que vostedes queren tapar, pero non lles vale con prohibir; porque a uns manifestantes queren darlle altofalantes pero a outros ben que se ocupan de taparlles a boca.



Ese era un baño de realidade moi grande; pero en cambio os carteis que poñen os profesionais ou os usuarios non, pero si unhas pantallas cuns eslogans moi bonitos, que ademáis co grave que xa lles acaba de dicir a Xunta Electoral que despois copian para a campaña electoral; ese é o baño de realidade que di vostede?, ese si que é un baño de realidade que vostedes quixeron tapar, esa é a realidade da sanidade pública, ou é que os profesionais son do Bloque Nacionalista Galego ou do Partido Socialista?, os profesionais que traballan alí denuncian día a día tódolos recurtes e nas condicións que traballan, e vostedes quixeron taparlles a boca, pero non lles vale, porque tapan alí pero non poden tapar as rúas.

Presume dos desfibriladores, onde están nos colexios públicos?, en tódolos colexios públicos debería haber un desfibrilador, póñanos, nalgúns xa os puxeron, pero porque non os poñen en todos?. E que presumen dunhas cousas pero despois ese é o baño de realidade, baño de realidade que cando hai que apostar non se aposta polo rural senón por outras cousas sempre, e ese é o baño de realidade que se están dando.

E non se preocupen porque tamén van levar outro baño de realidade nas próximas eleccións, que ese vai ser máis duro, porque non o cren e non lles vai valer copiar eslóganés, prohibir carteis, e esas cousas; eses son os baños de realidade señor García”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Vaia mezcrolanza fixo aquí o Sr. García, que se Alcoa, que se Tragsa, e eu que lle viña falar aquí da aplicación práctica dun posible uso dos drons dun programa piloto para mellorar a vida da xente do rural. Pero coma sempre hoxe non hai que dicir ou non hai argumentos, pero é unha mágoa que se absteñan podendo votar a favor.

A realidade é, e vénme como anel ó dedo esta proposta para concluír dicindo: esperen ó 5 de abril para ver quen goberna ou deixa de gobernar, pero Feijóo leva pilotando coma se fora unha nave non tripulada Galicia durante once anos, e creo que do que se trata é de baixar á terra, de aterrizar, de dar solucións á xente do rural porque isto implica directamente un detrimento importante da calidade na atención primaria, que só é soportada polos escasos profesionais ós que

vostedes lles cercenan continuamente dereitos, menos recursos económicos, casos coma o paritorio de Verín.

Este é un pouco o resumo que se pode facer, a perda de servizos no ámbito rural, por iso é unha mágoa que non apoiem esta proposta”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que a señora Viepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, ausentouse da sesión, o que se considera para os efectos de votación coma unha abstención segundo sinala o artigo 100 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, e á Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón que se encontra ausente do Salón de Plenos). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE O PLAN DA RIBEIRA SACRA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre o Plan da Ribeira Sacra.

Esta moción acadaría unha extensión excesiva se tivese que recoller en detalle todos os motivos que converten á Ribeira Sacra nunha das zonas máis importantes de Galicia. A Ribeira Sacra destaca como marco xeográfico, polo seu medio ambiente e as súas paisaxes; como escenario da historia, por ela pasan o Camiño Francés e o Camiño de Inverno, dous dos traxectos da ruta Xacobe, e atesoura un rico patrimonio arquitectónico sobre todo de estilo románico; dende o

punto de vista etnográfico, o seu xeito de traballar a terra, especialmente no eido da viticultura, lle confiren unha personalidade única.

Por todo iso, os e as socialistas lucenses recibimos con ledicia a decisión do Ministerio de Cultura que, o 5 de abril de 2019, nunha reunión do Consejo de Patrimonio Histórico Nacional celebrada no mosteiro de San Estevo de Ribas de Miño, decidiu elevar á Unesco a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade para o ano 2021.

Desgraciadamente, a falta de transparencia da Xunta en torno a esta candidatura, sementa dúbidas en torno ó estado dos traballos realizados e pode mesmo poñer en perigo a capacidade da candidatura para chegar a bo término e acadar o resultado positivo que merece a Ribeira Sacra e os galegos e galegas.

Unha breve cronoloxía resume o estado da cuestión.

En novembro do 2018 o presidente da Xunta anunciou en Pantón un Plan Ribeira Sacra. Un plan que incluíría a coordinación de inversións e que debería mostrar que Xunta, Deputacións e concellos teñen unha estratexia común sobre o territorio así como accións de dinamización e promoción.

Pouco ou nada máis soubemos ata xullo do 2019. O día 23, o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, citou no Gaiás ós alcaldes para, segundo dixeron fontes da consellería “abordar os avances e a folla de ruta a seguir”. Nesa reunión, como recolleu a prensa, non houbo novidades sobre o Plan Ribeira Sacra. Se se anunciaron sendas reunións coas deputacións de Lugo e Ourense, previstas para setembro de 2019, reunións que, no caso da Deputación de Lugo a lo menos, non chegou celebrarse.

O 10 de decembro de 2019, o presidente da Xunta presentou nos Peares o “Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural 2020-2023”. Este plan incluíría 34 millóns de euros en catro anos, para realizar distintas accións de mellora que non se detallaron. Só se falou de liñas de acción dun xeito xenérico (patrimonio e paisaxe cultural; ordenación do territorio; conservación

dos valores naturais e o medio ambiente; desenvolvemento económico sostible; xestión do turismo; educación, formación e investigación; comunicación e participación).

A pesar de que a nota de prensa da Xunta, recollida polos medios de comunicación, emprega o verbo “presentar”, os asistentes a esta reunión dos Peares non recibiron o texto do plan, nin a súa correspondente memoria económica. A día de hoxe, a web da Xunta de Galicia non permite acceder a ningún documento oficial que leve o nome de “Plan Ribeira Sacra”.

A falta de acceso ó texto entra en contradición cos anuncios previos acerca de reunións e estratexias de coordinación entre administracións feitos pola propia Xunta. A día de hoxe, nesta Deputación, descoñécese o texto e descoñécese con que criterios foi elaborado. No eido orzamentario, non sabemos como se chega a esa cifra de 34 millóns, quen e como a vai xestionar, ou que accións concretas se contemplan. E non fomos tampouco convocados a ningunha sesión en ningunha Comisión de elaboración ou seguimento.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere rexeitar a falta de información e o secretismo co que a Xunta ven traballando no desenvolvemento do Plan Ribeira Sacra. Lamentamos que o goberno do PP tente aproveitar con fins propagandísticos un proxecto ilusionante que pertence a todos os galegos e galegas. Un proxecto que foi liderado e posto en marcha pola Deputación de Lugo a través de contactos cos concellos, veciñas e veciños e asociacións da zona. Un proxecto ó que a Xunta chega tarde e sen os deberes feitos. Unha deixadez dobremente grave porque, neste caso, a súa pasividade pode comprometer ou mesmo invalidar o traballo que fixemos outras administracións. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á consellería de Cultura e á Xunta de Galicia a:

- Facer público o texto completo do documento “Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural 2020-2030”, ca súa correspondente memoria económica. Un texto que a Xunta di ter presentado pero que non se pode atopar ningures, nen sequera na propia web da Xunta.



- Convocar de xeito inmediato unha Comisión de seguimento do devandito Plan que teña capacidade na toma de decisións e na que participen os concellos da zona así como as Deputacións provinciais de Lugo e Ourense”.

Neste momento incorpórase á sesión a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Non é necesario recoller tódolos motivos que converten a Ribeira Sacra nunha das zonas máis importantes de Galicia: o marco xeográfico, o medio ambiente, as paisaxes, a historia, os dous traxectos do Camiño de Santiago, o rico patrimonio arquitectónico, o xeito de traballar, especialmente a terra no eido da viticultura, confírenlle unha personalidade única.

E por todo isto aló no ano 2014 a Deputación de Lugo iniciou un amplo labor de promoción e difusión deste territorio para que nun futuro acadase o recoñecemento de Patrimonio da Humanidade. A esta iniciativa se sumaban Administracións como a Xunta de Galicia e os concellos, colectivos sociais, culturais, veciñais, cadaún no seu papel e traballando todos para un fin común.

Por iso os socialistas lucenses e moitas outras persoas recibimos con moita ledicia a decisión do Ministerio de Cultura que o día 5 de abril do ano 2019 nunha reunión do Consejo de Patrimonio Histórico Nacional que se celebrou no mosteiro de San Estevo de Ribas de Miño decidiu elevar á Unesco a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade para o ano 2021. Desgrazadamente a partires dese momento, ou incluso algo antes, a falta de transparencia da Xunta entorno a esta candidatura empezou a sementar dúbidas entorno ó estado dos traballos realizados. E para que vostedes coñezan a cuestión farei un breve resumo a modo de cronoloxía.

En novembro do 2018 o Presidente da Xunta anunciaba en Pantón un Plan Ribeira Sacra, plan que incluíría a coordinación de inversións, e que se deberían mostrar que a Xunta, Deputacións e Concellos, teñen unha estratexia común sobre o territorio, así como accións de

dinamización e promoción. Pouco ou nada máis se soubo ata xullo de 2019, cando o día 23 o Conselleiro de Cultura citou no Gaiás ós Alcaldes para, segundo dixeron fontes da Consellería, abordar os avances e a folla de ruta a seguir.

Nesa reunión, como recolleu a prensa, non houbo novidades sobre o Plan Ribeira Sacra, só se anunciaron reunións coas Deputacións de Lugo e Ourense previstas para setembro do ano pasado. Reunións que no caso da Deputación de Lugo alo menos non chegou a celebrarse. Os únicos que se presentaron aquí foron uns representantes da Fundación Juana de Vega que viñan dicirnos se lles podíamos enviar unhas fichas de accións realizadas e previstas, e que cando quixemos aclarar algúns termos sobre o sentido das inversións e o coñecemento das mesmas para poder traballar dende a provincia con propostas complementarias, amablemente nos aclararon que eles nada podían facer porque non eran políticos e non podían abordar esas cuestións.

Dende logo isto non responde ós cánones que debe ter unha reunión de traballo e coordinación de accións se unha das partes nin pode informar nin tomar decisións e só interpela á outra, así o efecto é que tal reunión non se produce.

Vendo que ese era o resultado daquel encontro cos que se autodenominaban técnicos e non políticos, pedimos un encontro coa Dirección Xeral de Patrimonio despois de que se nos informara que lle correspondía a coordinación, o encontro tardou dous meses, foi o pasado mes de xaneiro; e mentres tanto o 10 de decembro de 2019 o Presidente da Xunta presentou nos Peares o Plan Ribeira Sacra, plan de xestión da paisaxe cultural 2020-2023; este Plan incluía 34 millóns de euros en catro anos para realizar accións de mellora que non se detallaron, só se falou de liñas de acción dun xeito xenérico.

A pesares de que a nota de prensa que presentaba a Xunta, recollida ademáis polos medios de comunicación empregaba o verbo “presentar” os asistentes a esta reunión dos Peares non recibiron o texto do Plan nin a súa correspondente memoria económica. A día de hoxe na web da Xunta de Galicia non hai un acceso a ningún documento oficial que leve o nome de “Plan Ribeira Sacra”, aquilo simplemente quedou nun brindé ó sol sen medidas concretas e sen cartos.



A falta de acceso a ese texto entra en contradicción cos anuncios previstos acerca das reunións estratéxicas de coordinación entre Administracións que facía a propia Xunta, e a día de hoxe, e despois da reunión mantida coa Dirección Xeral de Patrimonio, nesta Deputación descoñécese o texto e descoñécese con que criterios foi elaborado, se é que existe. No eido orzamentario non sabemos como se chega a esa cifra de 34 millóns, quen e como a vai xestionar, ou que accións concretas se contemplan; e por certo, tampouco fomos convocados a ningunha sesión en ningunha comisión de elaboración ou seguimento tal e como anunciaba Feijóo; iso si, en Fitur enterámonos de que a Xunta presentara eses días no Ministerio a documentación para continuar co recoñecemento da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

E por todo isto que lles acabo de dicir, dende o Grupo Provincial Socialista rexeitamos esta forma de traballar por parte do Partido Popular na Xunta de Galicia, con total falta de información, con absoluto secretismo no desenvolvemento do Plan Ribeira Sacra, utilizando únicamente con fins propagandísticos e electoralistas un proxecto ilusionante que pertence a tódolos galegos e galegas; un proxecto que no seu momento foi liderado polo conxunto da sociedade.

E por iso hoxe lles traemos esta proposta de acordo que recolle dous puntos: Que a Xunta do PP cumpra coa palabra dada polo Sr. Feijóo, e faga público o texto completo do documento Plan Ribeira Sacra, plan de xestión da paisaxe cultural 2020-2023, coa súa correspondente memoria económica; un texto que a Xunta di ter presentado pero que non se pode atopar en ningures, nin sequera na propia web da Xunta.

E tamén lles propoñemos que a Xunta de Galicia do Partido Popular convoque de xeito inmediato esa comisión de seguimento do devandito plan tal e como anunciou Feijóo en decembro, e que teña capacidade esa comisión na toma de decisións, e que estea participada polos concellos da zona así como as Deputacións de Lugo e Ourense”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Señora Pilar, vou comezar por un breve resumo dos comezos para conseguir que a Ribeira Sacra puidese optar a ser candidata a Patrimonio da Humanidade. Hai tanto que nin vostede nin eu imaxinabamos que algún día estaríamos nesta Institución representando ós veciños da provincia.

No ano 1990 fíxose un estudo piloto para a xestión conxunta da Ribeira Sacra pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. No ano 1996, co Sr. Fraga como Presidente da Xunta, deuse o primeiro paso para que a Ribeira Sacra puidese ser Patrimonio da Humanidade, foi incluída na listaxe indicativa española do patrimonio cultural e natural o inventario de posibles bens candidatos a ser Patrimonio da Humanidade, requisito imprescindible e obrigatorio.

Na actualidade España conta con 33 Bens inscritos, sendo de Galicia, ademáis da Ribeira Sacra, as Illas Cíes e o Parque das Illas Atlánticas, e Ferrol da Ilustración. Logo as Deputacións encargaron un traballo á Universidade, pero non reunía tódolos requisitos que a Unesco esixía, e a Xunta tomou as rendas a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Naquel momento contou coas dúas Deputacións e os Concellos a través do Consorcio de Patrimonio de Turismo da Ribeira Sacra. Fixo unha comisión de seguimento con catro Alcaldes, o presidente do Consorcio, oficina do Valedor do Pobo, representantes das Deputacións de Ourense e Lugo, e a Xunta de Galicia que, mediante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, púxose mans á elaboración do informe que a Unesco pedía esixindo determinadas pautas, a primeira delas era incluír a figura de paisaxe cultural modificando a Lei de Patrimonio Cultural Galega, incluíuse a declaración de Ben de Interese Cultural, BIC, para todo o territorio da Ribeira Sacra que, despois de superar a exposición pública e de resolverse as alegacións, quedou aprobado co anuncio no DOGA en decembro do ano 2018.

Na primavera de 2019 no mosteiro de Santo Estevo o Consello de Patrimonio Histórico Artístico de España acordou presentar candidatura no ano 2021 para que a Ribeira Sacra poda ser Patrimonio da Humanidade, foi un acordo unánime de tódalas Comunidades Autónomas, o Ministerio de Cultura xa fixo entrega á Unesco da candidatura.

Agora toca agardar a que se confirme cantas candidaturas se presentaron finalmente, e a partires dese momento comezará o proceso de avaliación en primeiro lugar en París e logo na



propia Ribeira Sacra. Como poden ver foi e está a ser un proceso longo e complexo onde sobre todo se confía no valor universal excepcional da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, e como non da implicación das súas xentes.

Por outro lado a Xunta a maiores presenta o denominado “Plan Ribeira Sacra”, un plan para seguir a xestionar a paisaxe cultural entre o ano 2020 e 2023, sendo parte da estratexia da xestión da paisaxe cultural da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural, con tres principios: coordinación dos investimentos e accións realizadas polas distintas áreas da Xunta; promoción e a conservación do territorio, con estratexias e programas de actuación.

O Plan contempla 34 millóns de euros procedentes de cinco Consellerías: Cultura e Turismo, Medio Ambiente, Infraestruturas e Mobilidade, Economía Emprego e Industria, e Medio Rural; algunhas das accións xa se están iniciando como os tres millóns de euros para a sinalización do Camiño de Inverno, e un e medio para o seu mantemento; ou a recente declaración da totalidade da Ribeira Sacra como Área de Rehabilitación Integral, ARI.

Estes son algúns dos exemplos dese Plan que se irá desenvolvendo ó longo dos tres anos; claro que se vostedes non asistiron á presentación en decembro do ano 2019 nos Peares pode ser que iso sexa o que os despiste e non entendan a implicación da Xunta, que o único que fixo foi os deberes e que, dito sexa de paso, non consta que o goberno da Deputación de Lugo sumara nada ó Plan que sendo impulsado pola Xunta foi aberto a todo aquel que se quixera sumar.

Por iso imos presentar unha emenda ó segundo punto desta moción xa que o primeiro onde piden que se faga público o texto do Plan Ribeira Sacra non vemos inconvinte para que así o faga a Xunta, xa está a presentar unha a unha tódalas accións que se pretenden levar a cabo.

Pero o segundo punto propomos subsituílo na proposta formulada por vostedes mediante unha emenda verbal da que xa fixemos entrega, de xeito que quedaría da seguinte forma: “O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da institución provincial a que se comprometa co Plan da Ribeira Sacra, a que describa as actuacións que pretende impulsar e levar a cabo no marco do mesmo e a dotar unha partida orzamentaria específica, cun mínimo de dez millóns de euros, para executar as ditas actuacións”.

A Xunta xa está a crear unha comisión interdepartamental onde se vai informar de todo, de xeito que aquí o único que falta é o seu compromiso claro”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido.

“Vou ser breve, non teño moito que engadir á intervención da señora Porto. Pero si que hai algunhas cousas que me sorprenden señora Castro, sorpréndeme que diga que xa o están a facer público por partes, están xogando non sei se de maneira publicitaria, pero o normal cando se fai un plan, e se lle dá tanto bombo, é que sexa público, creo que entra dentro da responsabilidade dunha Institución facer público o que quere facer. Porque o resto que nos pide é que teñamos fe, pero fe no goberno da Xunta eu teño pouca.

Tamén me sorprende a emenda de substitución, aínda que non me compete a mín aceptala ou non, pero vostedes, que non financian as residencias para maiores, que ten que facer esta Deputación un esforzo económico moi grande para que os maiores desta provincia teñan un sitio digno onde estar, cando é unha competencia clara da Xunta de Galicia, veñen aquí pedindo que a Deputación lles subvencione os plans da Xunta de Galicia?, eu creo que debería ser ó revés, asuman as súas competencias na Xunta de Galicia e non lle pidan á institución pequena, que xa está facendo moitísimos esforzos económicos por tapar as eivas do decenio negro do señor Feijóo, e vir aquí pedindo dez millóns para un plan da Xunta, que nin sequera sabemos exactamente o que é, porque dinos que xa o farán público e que non hai problema pero fágano e despois veremos.

E para rematar dicir que nós imos votar a favor desta iniciativa”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señora Castro eu non sei se vostede recolleu información das notas de prensa do señor Feijóo ou é que lla pasaron de Santiago, e ó mellor lla pasan sesgada.



E para que se dea un baño de realidade como antes dicía o señor García, primeiro voulle dicir que esta Deputación si que tivo presenza na reunión dos Peares, asistiron técnicos desta Casa porque nos ían presentar un plan, e para ir aplaudirlle a Feijóo eu creo que non era necesario asistir, pero para coñecer o plan si; a nosa sorpresa foi que o tal plan non existía.

Pero a cousa non queda aí, como lle dixeran na primeira intervención nós solicitamos unha reunión para interesarnos de verdade polo plan, e cando tivemos esa reunión na Dirección Xeral de Patrimonio, porque nos confirmaron que era a encargada de levar a cabo a coordinación, pedimos copia e alí mesmo se recoñeceu que non existía o plan, que non había documento elaborado, que non había nada que darnos, que só ía ser a suma de varias accións de cinco Consellerías, como vostede moi ben leu, que xa estaban previstas pero que se ían meter baixo o paraugas dun título que se chamaba “Plan Ribeira Sacra”, con 34 millóns de euros que xa era o que tiñan no orzamento para catro anos, máis ou menos. Iso foi así, e non estou inventando nada señora Castro, é triste que vendan fume desta maneira e que fagan anuncios deste xeito, cun carácter puramente electoralista.

Tamén nos dixeran, despois de que o señor Feijóo dixera públicamente que ía haber unha comisión participada, que tal comisión a podía haber, que se escoitaría ós concellos e ás Deputacións, pero que en todo caso ía haber unha comisión permanente que era a que ía tomar as decisións; é dicir, que ía dicir cales eran esas liñas de acción que se metían dentro dese paraugas chamado “Plan Ribeira Sacra”.

E ese encontro que eu tiveron non foi con técnicos, de verdade que foi con xente que sabía perfectamente do que falaba e con coñecemento de causa, non teño motivos para mentir sobre este asunto nin sobre ningún outro, pero si me parece interesante puntualizar as realidades. E cando se preguntou ademais cal era o papel desta Deputación dende logo estaba moi lonxe disto que propón vostede aquí cos dez millóns de euros, diciánnos que o papel da Deputación era ben diferente do da Xunta, que nós tiñamos dabondo con atender ás carreteras e que xa faciamos bastante coas aportacións que lles dabamos ós concellos. Esa é a realidade señora Castro. Para nós aquel encontro a verdade é que foi un tanto decepcionante, porque nos esperabamos moito máis dese Plan Ribeira Sacra porque cremos que ademais é necesario.

E remato xa, no tocante á súa emenda non lla podemos aceptar simplemente porque o Plan Ribeira Sacra non existe, e con esa non existencia do Plan Ribeira Sacra como vai pedirnos vostede que o apoiemos e que o fagamos ademáis cunha parte tan importante de fondos da Deputación?, que xa me gustaría que vostede dixera públicamente de onde tiña pensado sacalos”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Sigo recordado a non presenza de representantes do goberno da Deputación de Lugo na presentación do Plan nos Peares.

E di triste cando son 34 millóns de euros enriba da mesa?, eu non o vexo tan triste. Quero recordar que a Deputación de Lugo non consta que sumara nada a ese Plan da Ribeira Sacra, a pesares de que estivo aberto a todo aquel que quixese sumar.

Nesa presentación do Plan avanzáronse dúas cuestións de relevo, a primeira o traballo coordinado dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, que tamén poden presentar o seu se o teñen porque non hai ningún problema, aquí do que se trata é de sumar, e reforzo desta coordinación e colaboración entre departamentos contemplados na creación dunha comisión interdepartamental da Ribeira Sacra, tendo por obxecto propor, programar, presentar e valorar as accións concretas e os seus resultados, así como contar coa colaboración dos axentes locais e outras Administracións relevantes no territorio para un mellor alcance e eficacia das inversións; iso presentouse nese Plan.

A constitución desa comisión interdepartamental xa superou o proceso de información pública estando no proceso de revisión final para ser aprobada a través do Decreto do Consello da Xunta, no momento que se constituía esa comisión na que están representados os axentes locais farase público o seu contido polo miúdo, dando coñecemento prioritario ós interesados.

Por iso non acabamos de entender que pretenden con esta moción, porque aquí está representado todo o mundo, a implicación e o entusiasmo da xente do territorio é evidente, e a Xunta fixo os deberes collendo as rendas para acadar un título que en definitiva é do territorio e de



toda Galicia. Aquí non se trata de colgar medallas senón de traballar, que é o que está facendo a Xunta, diso non lle quedan dúbidas a ningún, así que súmense porque o Plan é unha iniciativa necesaria que reforza a iniciativa á candidatura da Ribeira Sacra para que sexa Patrimonio Mundial da Humanidade da Unesco.

Agora aporten ó Plan e non resten, que os malos rollos só poden traer negatividade á concesión de Patrimonio da Humanidade. Non perdan á vista que o mérito e o éxito é do territorio e das súas xentes, os avaliadores é o que máis valoran; e terán que seguir a sumarse moitos plans porque isto é un proxecto de continuidade e conservación no tempo. Está claro que como a Unesco detecte enfrontamentos e non perciba un proxecto comprometido e de continuidade no tempo corre perigo esa declaración; así que súmense a iso, alégrense; e con esta declaración, o Xeoparque Montañas do Courel e a futura Reserva da Biosfera, a zona sur contará con tres distincións da Unesco que é moi importante para o desenvolvemento da nosa provincia en xeral e desa zona en concreto”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Vou empezar polo final señora Castro, o único que pretendemos é que a Xunta de Galicia faga público o Plan, que se deixen de repetir esa letanía que acaba vostede de exhibir outra vez máis aquí ó igual ca na segunda intervención, de accións previstas pero non concretas, e que se convoque de xeito inmediato esa comisión de seguimento e avaliación coa participación das Deputacións e dos Concellos; e nese Plan coñeceremos a existencia ou non de fondos para levalo a cabo.

E voulle dicir algo máis, nós non nos sumamos, a Deputación de Lugo, con distintos Presidentes e Presidentas, leva tempo aí, dende que se comezou con todo isto, sen ningún tipo de complexo, ó igual que leva tempo apoiando, como vostede ben sabe, o xeoparque Montañas do Courel do que acaba de falar, como ben sabe con dúas nominativas o ano pasado e cunha neste ano.

Polo tanto a nós leccións nese sentido non nos dea, o único que queremos é que a Xunta de Galicia sexa clara no tocante ó Plan Ribeira Sacra para saber onde podemos incidir, e a maiores diso que nos convoquen á comisión”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Só unha aclaración señora Castro. Un dos que foi a esa presentación do Plan Ribeira Sacra en Peares foi o Concello de Monforte, estaba confirmado e foi un concelleiro en representación do Alcalde a esa presentación; pódolle dicir que o Concello de Monforte curiosamente non tiña silla, o primeiro concello en poboación da Ribeira Sacra non tiña ubicación no acto a pesares de que estaba confirmado. Polo tanto ese tipo de cousas de que se un foi e outro non foi, e xa non lle falo nada da foto final na que tamén houbo truco; e dende logo vostede sabe coma min que cando se presenta un Plan, se o hai, contén actuacións e proxectos; se aparte do enunciado teórico dun Plan, que non digo que non o teñan, se teñen algún proxecto concreto dígame o título por favor, agradézollo”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR O FIN DOS RECORTES ORZAMENTARIOS NO PLAN MARCO DE MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar o fin dos recortes orzamentarios no Plan Marco de mellora de camiños municipais.

O pasado 10 de febreiro, o Diario Oficial de Galicia publicou unha resolución do 19 de decembro pola que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021. Un plan cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Nesa convocatoria, a cantidade consignada para as axudas no conxunto de Galicia é de 11.974.836 euros, dividida a partes iguais en dúas anualidades de 5.987.418 € nos anos 2020 e 2021. Esta cantidade supón unha redución de máis dun 25% con respecto ás axudas adicadas a melloras de camiños municipais na convocatoria anterior, de decembro do 2018, na que a partida orzamentaria era de 15.998.687€ a repartir en dous anos.

Os e as socialistas lucenses queremos denunciar por iso un novo caso de recortes que afectan a todos os concellos galegos é, dun xeito especial, a aqueles que contan cun marcado carácter rural, como sucede coa maioría dos da nosa provincia. Unha política de recortes que a Xunta ven desenvolvendo dende o ano 2016. Naquela data, o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias, contou cun orzamento de 19.998.110 euros. O plan foi anual e contou con financiación da UE a través dos fondos Feader.

No ano 2017, a Xunta pasou a reducir esa cantidade en case catro millóns de euros: os fondos pasaron de case 20 millóns a só 16. Pero ademais, o plan, que deixou de ter o apoio do Feader, fíxose bianual, isto é, a redución real fixo que os concellos pasaran de dispoñer de 20

millóns anuais a contar con só 8 millóns anuais. Un recorte dun 60% nas axudas dispoñibles para mellorar estas infraestruturas viarias, capitais na vida do rural.

Agora atopámonos cun novo recorte, xa que eses 16 millóns que Agader viña adicando a melloras nos camiños municipais redúcense de novo y quedan en só 12 millóns. Isto a pesar de que se conta de novo con financiamento dos fondos Feader. Como se mantén o carácter bianual do plan, 2020/2021, isto quere dicir que os concellos contarán con só 6 millóns de euros anuais, unha nova redución do 25% na contía destas axudas.

En total, a cantidade anual que perciben os concellos reduciuse nun 70% con respecto ó ano 2016, ó pasar de preto de 20 millóns anuais a só 6.

Desglosando as cifras, os concellos lucenses recibiron no ano 2016 5,3 millóns de euros para executar obras de melloras nos camiños. No seguinte plan marco, esa cantidade pasou ser de 4,12 millóns a repartir en dous anos, e dicir só 2 millóns de euros ó ano, unha redución do 63%.

No novo plan marco de 2020/2021, esta cantidade redúcese de novo, xa que os 4,12 millóns pasan a ser apenas 3,06. Isto é, os concellos de Lugo pasaron a dispor de 5,3 millóns no ano 2016 a ter só 1,5 actualmente. A redución con respecto dos fondos do ano 2016 é do 71.7%. Por citar só dous exemplos, Abadín percibiu no ano 2016 axudas por 95.972 euros, e disporá agora de só 30.705. Xove tiña 61.415 euros no 2016 e conta só con 17.930 euros anuais no novo programa de axudas.

Esta sistemática liña de recortes orzamentarios supón de feito que Agader está a incumprir os seus obxectivos e a súa razón de ser, que é reforzar o tecido social e mellorar a capacidade organizativa das áreas rurais, promovendo a execución de obras de conservación e melloras das infraestruturas rurais.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere rexeitar esta política de recortes que afecta, dun xeito especial, ós concellos do rural, e que supón unha nova mostra do desinterese do goberno da Xunta cara a mellora das condicións de vida dos seus veciños. Sometemos para o



seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a:

- Esixir á Xunta de Galicia, que preside Alberto Núñez Feijóo, que abandone esta política de recortes e manteña as axudas para traballos de mellora na rede de camiños municipais nun nivel que permita ós concellos acometer as obras necesarias para garantir o bo estado desta rede de infraestruturas fundamental para o mundo rural”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar felicitar ó Presidente polo temple que tivo antes, e recoñezo que aqueles que están detrás dunha pancarta cando convén, gobernaban hai poucos días e agora colócanse detrás da pancarta, gustoume moito velos detrás dunha pancarta por primeira vez na historia cando afecta ó mundo rural, cando afecta á nosa industria e ás nosas comarcas; os que estivemos sempre seguimos estando, e intentaremos darlle solución. Polo tanto repito a miña felicitación pola súa templanza.

En canto a esta moción relativa ós recortes que fai a Xunta co mundo rural; esta é a lexislatura do rural de Feijóo.

Teño que felicitar tamén a esta Deputación e á Xunta de Goberno porque nos últimos seis meses que me toca estar aquí máis ou menos o plan de recortes que a Xunta fai é o equivalente a subvencións excepcionais con concellos do Partido Popular en seis meses desta Deputación; tres millóns de euros van ter os concellos da provincia de Lugo para o ano 2021, anuncio do señor Balseiro; espero que isto sexa en obras contínuas porque discontinúas é imposible facelas con esta contía; ó concello de Castroverde tócanlle 27.000 euros, menos mal, por poñer un exemplo, co recorte que están facendo, que a obra poderá ser contínua, que non digan que sexa discontinúa porque eu case non a dou feito enteira. Este é o rural de Feijóo.

Di o Sr. Balseiro que anuncia que para os concellos, aparte deste anuncio, que non teñan cobertura de telefonía tamén están abertas unhas axudas, os concellos terán que facer as infraestruturas eléctricas. Pero eu pregúntome, e dígollo ó Sr. Feijoo e ó Sr. Balseiro, coñecen a Galicia rural?, case que estamos na era dos drons, dos coches voladores, e danse conta de que Galicia non ten cobertura?, e como evolucionou o mundo rural, trinta e pico anos gobernando en Galicia e atrévense a sacar isto de que non hai cobertura?; non temos fibra, non temos cobertura, e este é o mundo rural de Feijóo, o mundo rural deste tipo de infraestruturas, eles mesmos recoñecen que non temos nin sequera cobertura. O concello de Castroverde presenta sete propostas de cobertura.

Pero é que ó Partido Popular de Feijóo non lle interesa que o rural teña cobertura, nin sequera televisión, con que funcione a “telegaita” simplemente chega, porque sae máis có presentador. Pero o mundo rural esmorece, morre, non hai un plan nin de camiños nin nada para o medio rural para acabar co minifundismo, para que o mundo rural teña saída, para que se poda ordenar o territorio; levan trinta anos gobernando con maioría absoluta e Galicia morre co minifundismo.

E de onde sacar dígollelo eu, e se o Conselleiro de Medio Rural non está capacitado, porque non o está para isto, eu dígolles que espero que perdan as próximas eleccións, pero senón ata lles axudo e voules de asesor gratis para o medio rural, non lles cobro nada porque eu son catedrático no agro e no mundo rural.

Isto é unha desfachatez, o recurte que aparece aquí nos camiños é de risa; vendo un Plan Único, vendo os convenios cos concellos do Partido Popular, e vendo como imos repartir tres millóns de euros todos estes concellos, isto é irrisorio; o mundo rural ó Partido Popular e a Feijóo non lle importa nada, véñeno demostrando durante moitos anos, a carencia de infraestruturas, recoñecen o da telefonía, a sanidade, a educación, iso é o mesmo, non fai falta facer edificios novos, se seguimos con esta política no mundo rural en dez a nosa montaña luguesa desaparece, van sobrar edificios, van sobrar colexios, paritorios e centros médicos; pero eu creo que por inercia vostedes pretenden que o mundo rural caia.



Eu síntoo porque hai Alcaldes fronte a mín do Partido Popular que traballan polo mundo rural, e non son culpables, pero si son culpables de dicirlle a quen goberna e a quen leva máis de trinta anos gobernando con maiorías absolutas, que é o seu Partido, once o Sr. Feijóo, que deixa esmorecer e esgotarse o mundo rural.

O mundo rural tamén é a Mariña luguesa, a provincia de Lugo é todo mundo rural; hoxe vemos aquí ós de Alcoa, non hai unha solución para os das Pontes, e para o mundo rural teñeno caladiño porque o mundo rural morre, nos últimos dez anos perdéronse corenta mil empregos no rural, e pasan desapercibidos, ninguén se preocupa do mundo rural; son corenta mil empregos directos e indirectos, cada día pecha unha explotación agraria no rural, dentro de pouco non nos fan falla subvencións; veñen vostedes con ideas como as aldeas modelo, nós xa somos un modelo de aldeas, iso é outro chiringuito máis que se inventa Feijóo en vísperas dunhas eleccións, o mundo rural é algo máis ca iso.

Hai que sacar diñeiro de incendios porque acabando co minifundio acaban os incendios; axudas ó medio ambiente, a xente non pode ordenar o territorio nin pode plantar, nin pode traballar na agricultura; cada día pecha unha explotación e non por iso se aumenta a terra agraria, todo o contrario, diminúe, todo é un bosque, cómenos os incendios, e dentro de pouco esas aldeas modelo será outro chiringuito e outro gasto máis; non hai ideas no mundo rural”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Efectivamente como o título da moción é sobre o plan marco, estamos de acordo con que o Plan Marco de Camiños municipais se reduciu neste ano con respecto fundamentalmente ó ano pasado non só con respecto ó 2016, porque realmente máis que redución dende o 2016 o que houbo foron axustes debidos a incumprimentos do ano anterior.

Pero si que se reduciu con respecto ó ano anterior, e vostedes saben perfectamente cal é o principal motivo, o motivo é que os seus compañeiros socialistas de Madrid incorreron en morisidade con Galicia, vostedes saben perfectamente que lle adebedan a Galicia 370 millóns de euros que son de tódolos galegos e galegas, e que de estar aboados cando tiñan que estalo

evidentemente tiveran solucionado moitos problemas en materia de sanidade, en materia de educación, e en materia de infraestruturas, se ese diñeiro estivera en Galicia cando tiña que estar Castroverde tería un Plan Marco como Deus manda, como o que teríamos o resto dos concellos.

Vostedes incorreron en morosidade e agora veñen ó Pleno da Deputación de Lugo simular que a Xunta recorta porque quere sen máis, cando o verdadeiro motivo é que o Goberno do Estado non paga o que debe, retén o diñeiro, e iso aquí, na Terra Chá, e incluso en Castroverde e na montaña, chámase morosidade. Pero tamén sucede noutras Comunidades Autónomas, iso non é unha cuestión que suceda só con Galicia, ata o punto de que vostedes adebedanlle diñeiro ás súas propias autonomías, a Extremadura e Castilla-La Mancha, que son Comunidades Autónomas gobernadas polos socialistas, xa podemos crer que en Galicia non nos vai chegar ese diñeiro.

Entonces isto xa non é nada novo, porque os que agora gobernan en Madrid son os mesmos que no ano 2011 deixaron o país totalmente arruinado coa maior crise económica da historia da democracia, deixaron a taxa de paro por enriba do 25%, e deixaron unha débeda pública polas nubes; por iso non é sorpresa que incumpran coas Autonomías, non é sorpresa que aumente o déficit, e non é sorpresa que se incremente o paro; porque todas esas palabras: incumprimentos coas Autonomías, déficit e paro, son consustanciais ó socialismo; o socialismo cando empeza faino con moita euforia e con moita gana, pero logo ó final acaba en disgusto como vai acabar este goberno, que xa está acabando, e non hai tanto tempo que empezou.

Con respecto ó suposto abandono do rural, sinto moito que a vostede lle tocara defender esta moción, vostede sabe que lle quero ben, que me levo moi ben con vostede, somos Alcaldes de concellos limítrofes, temos incluso algún proxecto en común, pero eu creo que vostede vai ser vítima das súas propias palabras.

Di que se abandoa o rural, pois voulle dicir a vostede que xa só en materia fiscal vostede e tódolos Alcaldes socialistas, e tamén o BNG, deberanlle dar as grazas a Feijóo, só en materia fiscal e non me vou centrar en ningunha outra materia; e non me refiro á reforma fiscal que elaborou a Xunta de Galicia en decembro do ano pasado que entrou en vigor o día un de xaneiro deste ano, que tamén é importante, porque eleva a redución do imposto de sucesións ata un millón de euros, refírome á reforma fiscal que tivo lugar no ano 2015, a Lei de Medidas Fiscais e Tributarias da



Xunta de Galicia de decembro de 2015 que entrou en vigor o día un de xaneiro do ano 2016; e ademáis isto venlle moi ben a vostede porque por primeira vez na historia de Galicia a transmisión de fincas rústicas no rural deixou de pagar impostos e deixou de tributar.

É dicir, nunca se recorda que na historia de Galicia a compra-venda ou a permuta de fincas rústicas quedara exenta de tributación. Vostede é gandeiro, algunha finca rústica terá comprado, e sabe perfectamente que se pagaba o 7% de imposto de transicións patrimoniais, e sabe perfectamente que dende o día un de xaneiro do ano 2016 as fincas rústicas non tributan no rural.

Eu non sei se cando gobernaron os seus, que vostede xa era Alcalde porque o é dende o ano 1999, fixeron algunha reforma fiscal deste tipo, pero eu o máximo que recuerdo foi unha pequena reforma fiscal que fixo o Presidente Touriño que reduciu a cota tributaria a algunhas explotacións agrícolas, había que xustificar que era explotación prioritaria, había que xustificar unha serie de requisitos; pero, insisto, isto é para todos, para calquera particular, persoa física, que adquira unha finca rústica dende o día un de xaneiro de 2016 non tributa no rural. Vostedes atribúense a condición de socialistas e de progresistas, eu non sei onde está o progreso porque cando gobernan vostedes non fan nin levan a cabo reformas fiscais deste tipo.

Ademáis di vostede que Feijóo ten abandonado o rural porque monta chiringuitos; mire, e dígollo co máximo respecto, é Alcalde vostede dende o ano 1999, non foi capaz de xestionar un punto de atención á infancia nin sequera unha escola infantil no seu concello, vén o Goberno da Xunta de Feijóo e móntalle dúas casas-niño no seu concello, e colle vostede a pancarta e encima aínda se erixe en portavoz aquel día na manifestación. Pero a maior abundamento aínda vén vostede aquí defender a moción a este Pleno.

Eu se son Alcalde, levo vinte anos gobernando, e non son capaz de xestionar un punto de atención á infancia e unha escola infantil, e vén o adversario político e móntame dúas casas-niño totalmente gratuítas, con atención a nenos de cero a tres anos, non só non collo a pancarta senón que non vou á manifestación, nin sequera me erixo como portavoz. Pero dende logo o que si lle aseguro é que se no Pleno da Deputación me mandan defender a moción tírolles cos papeis, pero a moción non a defendo.

Igualmente deberan estar agradecidos outros concellos tamén do PSOE, os concellos de Ribas de Sil, Samos, e incluso o concello de Cervantes”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Balado, deixoume vostede sorprendido por varios motivos: un, porque pouco falou da moción, e iso enténdoo, porque xustifica os recortes e fala agora da débeda do Estado, no que estamos de acordo, e non vou anticipar outros debates pero estamos de acordo alo menos en parte, seguramente non en tódolos culpables, pero iso non lles pode valer para todo; se facemos un repaso da prensa con todo o que ían facer con trescentos millóns de euros, farían un milagre da multiplicación do diñeiro, porque agora válelles para todo, calquera recorte que fan o xustifican coa débeda. Sexan serios porque aparte esta política de recortes vén dende antes de que o Estado adebedara ningún diñeiro a Galicia; entón xustifiquen porqué.

E vostede que é Alcalde ten que saber que unha das cargas máis importantes que ten calquera concello do rural é manter a súa rede viaria, e cada vez é máis difícil, porque evoluciona a sociedade, cada vez pasa maquinaria con máis peso, agora en vez de recoller o leite cun tres eixos son trailers, e as carreteras municipais que había non están feitas para sufrir esa carga, e cada vez están peor. Entón vostede sabe que esa é unha das axudas que máis necesitan en calquera concello, tanto no seu coma en calquera dos concellos do rural.

Falounos de todo iso pero non nos xustificou porqué recurtan, ou quere dicir que recurtan por eses trescentos millóns de euros?, en canto cheguen van facer un novo Plan?, eu teño esas preguntas porque se trouxeramos outra cousa volverían sacar os trescentos millóns de euros. Aposten polo rural de verdade, e dígolles de onde poden recurtar, por exemplo eses carteis que poñían “ruralízate” por todo o país pódeme dicir canto custaron?, pois daban para uns cantos quilómetros de pistas en tódolos concellos de Galicia; para aí non dixeron de sacar a publicidade institucional pola débeda dos trescentos millóns de euros, non, imos recurtar en pistas.

Entren no debate e expliquen porqué, expliquen se apostan ou non polo rural, pero non vaian sempre ó fácil, podemos estar de acordo en reclamar ese diñeiro e máis cousas ó Estado,



saben vostedes que o meu Partido fomos dos primeiros en poñer o foco de atención niso, pero cínganse a isto e explique o porqué dos recurtes; pero non só os deste ano porque isto vén de atrás, e nós non entendemos porqué, a lexislatura do rural tradúcese na lexislatura dos recurtes.

E outra cousa que me sorprendeu é que fala de temas fiscais, a Lei Montoro o que fixo foi que as explotacións agrarias e gandeiras que nunca tributarán o IBI pasaron a tributarlo, e iso ten marca Partido Popular, de feito tanta marca que ata incluso ten un nome moi chulo que é Lei Montoro, e o que fixo foi cargar contra o débil, como había crise foron polos gandeiros e agricultores, como eran uns privilexiados e non estaban pagando IBI pois fixéronllelo pagar. Esas son as vantaxes fiscais para o rural do Partido Popular?.

Deixoume moi sorprendido señor Balado, eu espero que na segunda intervención nos explique de verdade o porqué dos recurtes, porque a mín non me quedou claro”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Eu sinto, señor Balado, que lle afectara tanto que defendera eu esta moción, eu non me metín coa súa xestión no concello pero no meu fixen o que puiden. Pero non por iso llo tomo a mal porque somos amigos, e como Alcaldes defendemos moitas veces as cousas á nosa maneira.

Pero voulle dicir que se desviou totalmente da moción, porque a verdade é que doe que con tres millóns de euros non podemos facer nada, isto é un recorte en toda regra, é un recorte máis do rural de Feijóo sen precedentes.

Impostos cero no rural dos que presume Feijóo; mire, un veciño de Castroverde ou de Castro nunha traída pública paga quince euros e o concello dálle o mantemento, o cloro, faille todo, e de paso recádalle e sêrvelle para recadar á Xunta de Galicia outros vinte euros de canon fixo e cota variable.

En canto ó que di vostede do imposto de transmisións é todo unha trampa, coas valoracións que fixo Feijóo e Rajoy daquelas palleiras, daquelas inversións, daquelas naves que hoxe quedan

baleiras polo abandono agrario, de todo iso que se paga e do valor do patrimonio calculado está a xente asfixiada máis cada día no rural. Impostos cero, unha mentira, isto é outra chapuza máis.

Hai que recoñecer que Galicia hai once anos, e se queremos ir atrás, aquí no medio rural vivía xente, no noso concello dábanse cincuenta persoas de alta na actividade agraria, hoxe danse tres; cada día pecha unha explotación agraria; é a sangría demográfica e a sangría do rural galego; dun Presidente e dun Partido que despois de tantos anos nin ten un proxecto de futuro no rural; sívase ver isto, estes tres millóns de euros para as infraestruturas que ten a provincia de Lugo.

Polo tanto algo deberíamos facer entre todos, e deberan dicirllo ó Presidente da Xunta, que eu espero que despois do día 5 non o sexa e lle deamos outros a solución a un rural galego, porque en catro anos dámoslle a volta a isto se chegamos a gobernar, eu espero que non lles toque a vostedes; porque a vostedes como Alcaldes non teño nada que dicirlles, o rural e os concellos é un mundo, pero dende logo son vostedes os que deben facer unha chamada de atención sobre isto ó señor Balseiro e ó señor Feijóo; isto non se aguanta máis, isto non é facer nada polo rural, isto é chegar a destruír o pouco que queda, sen infraestruturas, sen camiños, e sen un plan de choque para o abandono do mundo rural.

Non teñen nada, invéntanse as aldeas modelo, agora queren poñer de golpe trescentas vinte mil fincas de descoñecidos, isto debe ser unha xenialidade máis dese Conselleiro que dende logo non sei onde o atoparon”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Vexo que non me quere entender, vexo que aínda non está ó día do que eu lle acabo de dicir e de que efectivamente a política de impostos cero significa que non se paga; e volvo dicirlle o que lle dixen antes, efectivamente a ver se os seus cando gobernaron, ou agora que gobernan en Madrid, lle rebaixan os impostos como llos rebaixou o Sr. Feijóo.

Eu comprendo que a vostede non lle interese falar de certos temas; pódello dicir ó seu colega de Pol, que a Xunta de Feijóo no ano 2012 inicioulle a concentración de San Estevo de Pol e



xa lla acabou o ano pasado, medio millón de euros lle deu; claro, ese non foi á manifestación nin colleu a pancarta, normal, porque é coherente.

Con respecto ó que di o señor Efrén Castro de que pouco falei da moción, tampouco falou nada o Alcalde de Castroverde, do Plan Marco pasou ó tema do abandono do rural. Pero isto non é nada novo para os socialistas, porque vostedes teñen que saber que isto foi consensuado coa Fegamp, non fará falta que eu veña a este Pleno dicirlles que a Fegamp está presidida por un Alcalde socialista.

Dí vostede que foi unha trapallada o dos impostos cero no rural, eu creo que unha trapallada non foi porque se ti compras unha finca rústica e nas Comunidades gobernadas por socialistas se tributa entre o 7 e o 10% sobre o valor da finca e en Galicia non tributas nada, cando menos haberá que recoñecer que algo se fixo ben. Eu coñezo Comunidades Autónomas próximas a Galicia nas que tributas polo imposto de sucesións en liña recta ascendente ou descendente se che falece teu pai, tua nai, ou túa avoa, en Galicia non se tributa porque a redución é ata un millón de euros; eu entendo que iso significará.

Di vostede que se tributa polas construcións do rural, vaia vostede á Lei do Catastro Inmobiliario e xa verá como é unha obriga que calquera construción urbana de máis de quince metros cadrados ten a obriga de tributar, só faltaría!. O que pasa é que eu creo que vostede por abandono do rural entende que os Alcaldes non facemos nada e vén Feijóo co cheque a fin de mes pagarlle á xente do rural para que viva no rural.

É moi fácil ter o discurso, pero a ver se logo o día cinco de abril se gañan vostedes as eleccións a ver que milagres fan; eu o último que recordo que fixo o bipartito en Castro de Rei cando gobernou do ano 2005 ó 2009, que eu nin era Alcalde nin estaba metido en política, foi paralizar todos os procesos de concentracións parcelarias que houbo en Castro de Rei, houbo que esperar a que volviera gobernar o Partido Popular para seguir impulsandoas e acabandoas, e grazas a iso hoxe Castro de Rei é o cuarto concello de Galicia en produción de leite, e non grazas ás políticas do Partido Socialista senón grazas ás políticas do Partido Popular.

Así que eu o que lle quero dicir é que se efectivamente vostede ten un pouco de conciencia, cando menos dicir que se abandoa o rural a mín non me parece correcto. E dicíalle antes, ó remate do primeiro turno, que lle digan ós Alcaldes de Ribas de Sil, de Navia, e de Samos, que tamén lles montan unhas casas-niño nos seus concellos, son catro as que se van abrir neste ano dous mil vinte por parte da Xunta, tres en concellos do PSOE e unha nun concello do Partido Popular, que é a de Baleira, e vostede o sabe perfectamente; pero claro, para a semana que vén virán con outra pancarta dicindo que Feijóo discrimina ós concellos do PSOE; pois miren vostedes, eu creo que o que teñen que facer é reflexionar e saber efectivamente que é o que pasa no rural, pero non atribuírle a culpa en termos electorais a quen non a ten”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sinto señor Balado que non aproveitara o segundo turno para explicar os recortes, esperábame isto por certo. Pero as cifras aí están, e xa lle digo que non ven de agora, é un recorte dunha partida xa recurtada do 50%, agora o 25, e se seguen así quedaremos en nada.

E non vou entrar no debate fiscal en canto a se son impostos cero ou non, o que si é certo é que lles falta a segunda parte do seu eslogan de impostos cero no rural, que é “impostos cero a cambio de servizos cero”. Entonces se van recurtar os impostos para non facer nada no rural e deixalo esmorecer pois cobren os impostos e dean servizos xa verán como o rural revivía doutro xeito.

E dime que teñen que pagar por unha Lei, pero as Leis non son leis divinas, alo menos as que rexen Galicia e o Estado español, as leis fanse nun Parlamento onde vostedes tiveron maioría moito tempo, e se fan unha lei para obrigar a cotizar a esas construcións están impoñéndolles unha carga que antes non tiñan.

Entonces vólvolle dicir que non explican porque recurtan así o Plan, porque non ten explicación, é un recurtazo, igual ca un recurtazo na sanidade pública e no ensino público, e iso ten mala explicación, entonces temos que virnos ó debate a outras cousas. Pedinlle que o explicara neste segundo turno, non foi quen ou non quixo; nós imos apoiar esta moción, e volvemos dicir que



a lexislatura do rural será a lexislatura de deixar morrer o rural, porque do resto pouco lle brillou o pelo estes dez anos negros do Sr. Feijóo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Dicir que nas intervencións do Partido Popular nada se falou dos recortes no que atinxe ó Plan; sempre lle dan a culpa ós trescentos millóns de euros, volvemos darlle a volta a todo, porque isto vén do Sr. Montoro, terano que arreglar, pero o Partido Popular colócase sempre detrás da pancarta xusto no momento de acabar, todo esta mal porque acaba de sair Montoro, vén ser máis do mesmo.

Falou das casas-niño, pero dos recortes non falou nada, eu non o entendo, o rural segue sen importarlle á política de Feijóo. Non teño nada contra vostede, nin co que defende vostede, a mín iso non me preocupa, nin que nun concello haxa unha casa-niño porque a pida un ou porque a pida outro, o rural é máis amplo, o abandono da xente do rural por falta de infraestruturas, polo minifundio, por todo; e despois de tantos anos o rural ten que esmorecer, van sobrar edificios e van sobrar casas-niño porque vai haber falta de pequenos, así poderán pechar paritorios e servizos públicos, e centros de saúde”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Antes de votar, se me permite o Sr. Balado unha pequena broma, dicirlle que Castro de Rei ten a maior produción de leite grazas ós gandeiros que son os que producen o leite; e a broma está en que vostede recordará que o Sr. Presidente da Xunta visitou nunha ocasión unha explotación en Sarria e o home a estas alturas non sabía porque os nomes das vacas eran nomes de muller; entónces ás veces cando se chega a estas situacións Sr. Balado”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E

téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, EN APOIO ÁS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E AO ENSINO PÚBLICO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio ás universidades públicas e ao ensino público.

Exposición de Motivos:

A Xunta ten posto en marcha o proceso de tramitación do anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada ‘Universidade Intercontinental de la Empresa’, e ven de por a exposición pública o anteproxecto referido, como parte do proceso de tramitación da solicitude feita pola fundación da entidade financeira Abanca para crear a primeira universidade privada da Galiza.

Dende o Bloque Nacionalista Galego seguimos con inqueda esta solicitude e os pasos que está a dar o Goberno galego ao respecto, para coñecer en detalle a proposta formulada por



Abanca e as repercusións que o nacemento dunha universidade privada no noso país suporía para o SUG (Sistema Universitario de Galiza). Cóstanos a preocupación que este feito suscitou nas tres universidades públicas galegas, e nomeadamente no Campus de Lugo, polas distorsións que o xurdimento doutra, de carácter privado, no mapa universitario, pode e sen dúbida vai xerar.

A Lei do SUG de 2013 lei establece que as universidade privadas ademais da docencia teñen que ter investigación, e o proxecto presentado non cumpre este requisito. Outra prohibición expresa é a duplicidade de titulacións coa oferta actual do mapa de titulacións público, cuestión que tampouco cumpre o proxecto presentado e que xa denunciaron os reitores das universidades galegas.

O que está a facer o presidente Feixóo é poñerlle “a alfombra vermella” a un proxecto privado, mentres afoga á universidade pública cun plan de financiamento insuficiente.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1º.- Manifestar a defensa desta corporación provincial da Universidade Pública e do ensino público en xeral.

2º.- Trasladar o presente acordo a Presidencia da Xunta de Galiza, así como ós reitores das tres Universidades Galegas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Falabamos antes de privatización ou non, e dámos aquí outra vez con esa deriva privatizadora do Partido Popular. A parte de regalarlle a Caixa de Galicia ó señor Escotet agora, non sabemos moi ben porque, étranlle no xogo deste proxecto que vén dinamitar o ensino público de carácter universitario neste país; teñen o gran mérito de ter posto de acordo ós tres reitores, que

moitas veces entran en liortas por defender as súas universidades, e en cambio aquí foron capaces de poñelos de acordo, e puxéronos de acordo porque o que están avanzando é que morre o ensino universitario galego.

Dánlle para adiante a un proxecto que incumpre a lei, porque os mesmos reitores o din, que entra en conflito co que di a lei, que non pode haber iniciativas privadas que compitan coas iniciativas públicas, e gran parte do proxecto desta universidade da banca compite con universidades que xa existen; e a outra pequena parte que hai de novidade perfectamente se pode afrontar coas facultades e as carreiras existentes, pero non é máis que a carreira de desmantelamento que levan pois levan recurtados en dez anos no ensino universitario 438 millóns de euros; esa é a súa aposta polo ensino público e ensino universitario.

Nós estamos en contra, e tamén gran parte da sociedade; e repito, teñen o mérito de ter posto de acordo ós reitores das tres universidades galegas, e é porque ven morrer o ensino público, vostedes están en contra do ensino público, pero se é así digano claramente e non veñan aquí de defensores de todo o público, pero despois as cifras din o que din. E en dez anos recurtaron 438 millóns de euros da universidade pública, e repítoo porque é unha cifra que asusta, e agora o que fan para mellorar a universidade pública é darlle para adiante a un proxecto que o que fai é poñer un cravo máis na tumba da universidade pública galega.

Pois nós temos que estar en contra, e xa levamos iniciativas no Parlamento galego e imos seguir levándoas alí onde sexa, dando voz a eses reitores que lles dixeron claramente que por aí non era unha boa solución. Pois a ver como explican os recortes e como explican promocionar unha universidade privada que incumpre o que se acordou nunha lei, incumpren porque entra en conflito coas titulacións actuais que hai nas universidades públicas.

Polo tanto para nós é completamente irrenunciable a defensa do ensino público en tódolos seus niveis, e evidentemente a defensa do ensino público universitario”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Xa que ó Presidente lle gusta hoxe ir facendo apostillas, permítame a mín con carácter previo facerlle outra señor Presidente. Recórdolle aquilo que dicía o gran Alfredo Di Stéfano cando se refería ós porteiros, que dicía que o que tiñan que facer era parar as pelotas que ían pola portería e as que ían fóra deixalas pasar. Sr. Presidente, aquí ten vostede hoxe unha oportunidade formidable para mostrar o seu compromiso co importante neste momento en Galicia e na provincia de Lugo, que é o de Alcoa; eu espero que non o deixe pasar en lugar de entreterse na presentación de iniciativas etéreas como é esta que nos trae o Sr. Castro da man do Bloque Nacionalista Galego.

Unha iniciativa, dito con todo o respecto do mundo señor Castro, difícil de entender, porque eu creo que hai acontecementos que na conciencia colectiva están gravados como asociados a unha boa noticia: o nacemento dun neno, a apertura dunha escola, a creación dun hospital, a creación dunha universidade, sempre se considera unha boa noticia; e en cambio a vostede parece que lle levanta escarpas, a vostede ou ó Bloque Nacionalista Galego.

Porque lle preocupa esa cuestión?, porque trae a colación a defensa da universidade pública se ninguén está atacando aquí á universidade pública?, quen ataca á universidade pública señor Castro?, dígame vostede. O que ocorre é que a moción que nos presenta non pasa de ser un simple trampantoxo, xa sabe esa figura pictórica de distorsionar a visión difuminandoa no entorno, na perspectiva e outros elementos ópticos.

Vostedes o que queren traer aquí é aproveitar o momento presente electoral para poñer enriba da mesa esas teimas que ten sempre o Bloque Nacionalista; por certo, a señora Pontón se lle escocita irá pensando que xa é hora de ir cambiando algún rol ou algún chip deses, pretender o progreso e a modernidade defendendo sempre o mesmo soa coma aquilo de cambiar os colares e deixar exactamente os mesmos cans. Queren vostede transmitir á opinión pública a idea descabellada de que a Xunta de Galicia quere privatizar a universidade pública; trae a colación a historia dos recortes da que lle gusta falar tanto e tan reiteradamente, pero iso xa non coa señor Castro, xa estamos vacinados en relación con esa cuestión.

E mire, neste caso quen promove a universidade non é a Xunta de Galicia, quen o promove é unha entidade privada, ademáis unha entidade privada en principio sen ánimo de lucro. Pero repare, señor Castro, nunha cousa, no padroado desa entidade están representadas tódalas forzas

políticas con representación parlamentaria, entre eles os seus colegas do Partido Socialista, tamén as forzas de En Marea, porque se dirixe a nós?; ese padroado aprobou o proxecto de universidade, porque non lles pregunta ós seus compañeiros socialistas?, porque non lles pregunta ós adláteres das Mareas?, porque ese voto favorable?, son eles tamén inimigos da universidade pública?, ou é que vostede distingue segundo lle convén quen son amigos e quen son inimigos?.

E, Sr. Castro, non teña tanto medo polos trámites legais, a aprobación da universidade non se fai por xeración espontánea, ten que seguir un trámite extraordinariamente rigoroso, cumprir a normativa estatal, a normativa autonómica; ten que ser aprobada por unha Lei do Parlamento de Galicia, alí ten vostede a oportunidade de plantexar todas esas reservas que teñen tanto ós fins coma a súa eficacia; por certo, recordarlle que en canto ás titulacións unha das obrigas que ten que cumprir é que sexan complementarias e non substitutorias das actualmente existentes; ten vostede garantías para facer fronte a esa circunstancia.

E, Sr. Castro, por Deus non siga vostede traendo o debate rancio do ensino público e do ensino privado, xa sabemos perfectamente que vostedes defenden o sistema de universidade única, o sistema do estado educador como elemento referencial do concepto de nación, fai ben en defendelo, eu respéctollo, pero nós defendemos outro modelo, o criterio pluralista e de liberdade que consagra o artigo 27 da Constitución Española; artigo, señor Castro, que precisamente o que permite é a creación de centros de carácter propio á marxe da escola pública.

Pero, señor Castro, porque ten vostede medo á creación dunha universidade?, porque a creación dunha universidade privada supón un ataque á universidade pública?. Nós non atacamos á universidade pública, todo o contrario, somos conscientes de que é absolutamente imprescindible e necesaria como obriga do Estado para garantir o dereito de toda a cidadanía a unha educación plena e a unha educación de máximo nivel; pero o demostramos constantemente, mire vostede para o sistema universitario, as taxas máis baratas de toda a nación española, un financiamento estable, mire vostede para a FP, mire para as demais ratios como as de PISA e outros que conforman o sistema educativo, e verá que razoablemente se están facendo as cousas ben, pero se a oferta pública funciona, que medo lle dá a vostede que se complemente con outra actividade como é neste caso unha universidade privada?, que vén cumprir algo absolutamente fundamental na institución universitaria que é asegurar os principios de liberdade e de pluralidade, son esenciais á propia



institución universitaria. Iso só se asegura, señor Castro, dende a diversidade de oferta para a que pode existir tamén a posibilidade de elección.

E se o que lle preocupa é constatar a defensa da universidade pública estamos dispostos a facelo, eu propóñolle unha emenda, incorpore vostede ó seu texto unha referencia que diga que esta Corporación respecta o proxecto de Abanca de creación dunha universidade privada, e reitera o seu compromiso coa defensa da universidade pública e o ensino público”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Ana María González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A pregunta non é se se defende a universidade privada senón se é necesaria unha universidade privada en Galicia, cando o sistema universitario galego di que é capaz de albergar toda a demanda educativa que hai en Galicia, e ademáis cubrir esa necesidade de cursos sen recurtes.

Di o Sr. Baamonde que defenden a pública e a privada, pois nós, o Partido Socialista, defendemos sempre a educación pública universal e de calidade, xa o fixemos nos anteriores plenos da Deputación, pero tamén defendemos a igualdade de oportunidades que eu creo que é o que esquece comentar o Partido Popular, a igualdade de oportunidades no acceso á formación e en particular á formación superior e á formación universitaria.

O sistema universitario galego ten máis que demostrado que é unha fonte de coñecementos e que ademáis se foi adaptando non só ás necesidades que a sociedade demandou a nivel educativo, senón tamén a tódolos recurtes, que tamén llo recordo; é que eu agora estaba valorando as proposicións e as mocións que se levan neste pleno e resulta que catro de seis falan dos recurtes, non o entendo; o Partido Popular definirá doutro xeito o que significa recorte, pero significa que a educación universitaria, segundo datos do Ministerio, van máis de mil millóns de euros recurtados e está facendo fronte a conseguir unha educación de calidade, como ten máis que demostrado o sistema galego, que somos pioneiros e referentes non só a nivel nacional senón tamén a nivel internacional.

E é pioneira esta universidade galega en investigación, onde o 70% dos traballos de investigación que se levan a cabo en Galicia faíno a universidade pública, cando vostedes defenden esa universidade privada que non é nin o 3,5% de inversión en investigación, logo para qué vai servir?, para crear grupos ou grupúsculos de persoas que podan acceder a esa universidade privada. E, como dicía, un esforzo que está facendo a universidade galega que é combater eses recortes, porque para mostra un botón, en Europa Alemania por exemplo inviste en I+D un 2,5%, Corea do Sur un 4,5%, e o interese que ten Feijóo pola universidade pública en investigación non chega nin ó 1%.

Polo tanto eu creo que é necesaria esta universidade pública e non é necesaria a universidade privada que se pretende con esta entidade. Tamén o Partido Popular, o Sr. Feijóo, fai caso omiso ás peticións da comunidade educativa, das reitorías, os sindicatos, da plataforma educativa; eu penso que é un pouco camicace este señor Feijóo que todo o mundo lle estamos dicindo unhas cousas e el pensa que somos os demais os que imos contra corrente, eu creo que nolo temos que facer mirar. E despois a escusa da crise, sempre botan a culpa á crise, é unha estratexia para recurtar a crise; as crises son cíclicas, pero non todo se trata de recurtar.

Ademáis tamén citaba vostede no seu discurso do medo, que non se compite coa universidade privada, pois tamén dixerón os reitores de Galicia que non lle teñen medo á universidade privada, están dicindo que non é necesaria unha universidade privada porque son capaces de levar a cabo este sistema universitario cos seus recursos, sempre e cando se manteña a inversión e non se pretenda derivar esa inversión nunha universidade que non fai falta.

Polo tanto estamos acostumados a estas palabras do PP e, como lle dicía, non imos facer de camicaces, que para iso xa chegan vostedes, o Partido Popular e o Sr. Feijóo, senón que imos seguir loitando por unha educación pública, por unha universidade pública, para que a Xunta cumpra coa lei, porque hai unha lei que establece que temos que ter unhas ratios de efectivos na universidade dunhas horas de docencia, e por suposto inversión en investigación.

Queremos unha universidade pública non como negocio senón para garantir que as persoas, todos e todas en igualdade de condicións, podemos acceder a unha educación pública para



conseguir a función socializadora e de desenvolvemento económico que a universidade tamén proporciona, a universidade pública por enriba de todo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“É curioso, Sr. Baamonde, fala das teimas do BNG pero claro, como dicía a miña compañeira a señora Abelleira, e os reitores?, tamén son do BNG?, ou tamén teñen unha teima?, ou teñen medo?, que pasa con iso?.

Despois veñen cos baños de realidade do Sr. García, e o baño de realidade é que uniron ós tres reitores para dicir que era un proxecto daniño para a universidade pública galega, e iso non é unha teima do BNG, o que é unha teima do BNG é defender a universidade pública galega, e poñernos ó carón do que din as reitorías desas tres universidades, porque teñen razón, e non só se queixan diso senón tamén de 438 millóns de euros de recortes no sistema universitario galego en dez anos. E tamén se queixan de que se estima que un país debe investir un 1,5 do seu PIB na investigación e na universidade, e vostedes non chegan nin ó 1%, e iso son os números que tanto sacan ás veces.

E a universidade galega o que pide, e vostedes bloquean, é renovar a oferta educativa que hoxe está bloqueada pola súa lei de cláusula de estabilidade, pero evidentemente o mundo cambia e a universidade ten que ir afrontando eses cambios, e vostedes estanlle prohibindo á universidade pública que se adapte a este novo mundo cos recortes e coa prohibición de adaptar as titulacións, e iso é o que lle están demandando, pero non o BNG só senón toda a comunidade universitaria; e como pode vostede comprender dentro das tres reitorías das universidades hai unha amalgama ideolóxica moi distinta.

Entonces non veña con que é unha teima do BNG, o que é unha teima do Partido Popular é recurtar, porque fai igual que o seu compañeiro, 438 millóns de euros menos e diso non deu explicacións, só dixo que non pasaba nada por que houbera universidades privadas. É máis, tamén dixo que o sistema plural era só se existían universidades privadas, entonces para vostede señor

Baamonde non son plurais as universidades?, hai que cambiar a lei?, porque para mín o sistema universitario se ten algo é que é plural de verdade; explique esa afirmación que fixo.

E volvo dicirlle que nós defendemos a universidade pública, e vostedes non saben o que defenden, o que defenden son os recurtes, e non os explicou”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Seguindo a orde de intervencións dicirlle á señora Abelleira que eu escoito con atención o seu discurso, levo xa moitos anos na política e o que pasa últimamente fai que me fixe con moi especial atención no que ocorre, e o que ocorre é que xa estamos demasiado acostumados a que ás boas palabras dos socialistas lle segue detrás aquilo de ir cos da feira e vir cos do mercado.

Non me gusta ter que pronuncialo aquí porque a mín non me gustan os argumentos de tipo subxectivo, pero quere que lle recorde eu a cantidade de cargos de toda a esquerda que levan ós seus fillos ós colexios privados?, que eles mesmos estudaron nas universidades privadas?, non é necesario, están exercendo, e eu recoñezollelo, un dereito de elección que teñen toda a carta de liberdade do mundo para realizalo; pero, señora Abelleira, eu recórdolle que vostedes son coma aqueles curas que cantaba o Arcipreste de Hita: “haced lo que yo digo pero no lo que yo hago”, se queren ser respectables e consecuentes fagan o mesmo que din ou digan o mesmo que fan.

Sr. Castro, vantaxes de universidade pública ou universidade privada todo depende da calidade de cadaunha delas, imaxino eu que non me vai dicir vostede que non se atrevería a ir á academia de Platón, que ó mellor non era pública, ou que non sería capaz vostede de dar un paseo con Aristóteles porque era un señor privado. Vaime dicir que universidades de prestixio acendrado, como moitas que hai en España e noutros lugares do mundo, por exemplo a UCAM, a universidade de Deusto, San Pablo CEU, Ramón Llull, que son universidades de pouca monta, que non teñen nivel, e extraordinariamente recoñecido, e que os profesionais alí formados non son profesionais de extraordinario nivel?.



E, dígame señor Castro, e acaso a institución libre de ensinanza vaime dicir agora que Ginés de los Ríos, Gumersindo Azcarate, Nicolás Salmerón, eran activistas peligrosísimos que atentaban ó sistema público, e que defendía aquela xente?, liberdade de cátedra, non suxeción baixo ningún concepto a ningunha idea oficialista preconcebida en materia de relixión, de política, ou de moral. A universidade pública é plural?, evidentemente que pode selo e pode non selo, todo depende, como é natural, das circunstancias con que se apliquen. Eu o que lle censuro a vostede non é esa cuestión de fondo da universidade, senón a pretensión do Bloque de aplicación do pensamento único.

Mire, con cidadáns educados en liberdade o afán crítico e o afán de formación é moi superior ó do pensamento único que predicán vostedes; recorde aquelas palabras de Manuel Lourenzo, que nós facemos nosas, “hai un vento que se chama liberdade que soupra sempre cara ó futuro”, o futuro é liberdade, liberdade de educación, liberdade de ensinanza universitaria e non pensamento único”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Ana María González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Efectivamente non teño tanta veteranía coma vostede, pero creo que a liberdade de elección da educación é para cada persoa individual e non ten porqué xustificar se vai á privada ou á pública. Polo que si que queremos apostar, que é polo que aposta sempre o Partido Socialista, é pola ensinanza pública, neste caso a universitaria.

Pero mire, eu empecei antes cunha pregunta e sigo con outra pregunta, que pretende o Partido Popular e Feijóo cunha universidade privada en Galicia?, se non é necesaria, e o di toda a comunidade educativa, sindicatos, e plataformas que o defenden. En primeiro lugar non permite o acceso igualitario, ten un carácter elitista xeneralmente; non aposta pola igualdade de oportunidades, non recoñece o esforzo, nin o mérito nin a capacidade, porque á universidade pública esíxenlle unha excelencia e unha calidade cando á privada non se lle esixe iso.

Ademáis mentres á pública lle retiran a oportunidade de abrir máis áreas de coñecemento e lles teñen conxeladas as taxas de reposición de efectivos, á privada ábrenlles as portas e poden

pedir o que queiran e contratar a quen queiran; e, como dicía, non aposta nin pola investigación nin por crear patentes, nin cre na función social de desenvolvemento e económica, e non acepta a solidariedade fiscal, porque ten uns prezos que non son accesibles para todo o mundo, pero sen embargo si que crea centros de estudos que non apostan pola investigación, si moviliza fondos públicos e privados ó seu favor pero que non benefician á sociedade en xeral, e si crea centros boutique para os elitistas; pois eu quero un servizo público e non quero un privado que só ostente beneficio; e como son galega e desconfiada, non vaia ser que esta creación estea pensada para que algunhas persoas que ó mellor a partires do 5M se queden sen traballo e aí teñan unha saidiña, eu espero que non sexan esas as intencións do Partido Popular.

E, como dicía, non é necesaria unha universidade privada en Galicia porque así o din tódolos estamentos entendidos nelo; aposten pola pública, sigan investindo na pública, e non recurten continuamente os servizos públicos que é o que veñen facendo dende que gobernan na Xunta de Galicia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Pois duas de duas, saltanse os recurtes no debate coma se non existira, pero a realidade é persistente, o baño de realidade que dicía o Sr. García son 438 millóns de euros menos para a universidade pública.

E despois vaise á antiga Grecia, que non sei se era pública a academia de Platón, pero si que sei que aí naceu a idea de estado por aquela época e naceu o público naquel momento. Pero centrándonos no que é importante, pensamento único non, o BNG defende o sistema universitario galego igual có defenden os reitores, ou é que tamén os reitores das universidades son perigosos, independentistas e comunistas coma os do BNG?.

Vaian á realidade, recurtan, están intentando acabar co sistema universitario galego, e póñenselles enfronte os reitores das universidades e os Partidos Políticos que queren defender un ensino público e de calidade, en tódolos estamentos, pero evidentemente tamén no universitario; e estánllo dicindo os reitores, non é que o diga o BNG, que non fai falta porque vén competir coa



oferta que xa hai, polo tanto esa universidade non é necesaria, só hai un novo favor do Sr. Feijóo ó señor Escotet”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia

Exposición de Motivos:

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensuralidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "*tocaba en el año 2019*" e que "*ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir*", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de *Presupuestos Generales del Estado*.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, Deputacións Provinciais e Entidades Locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños/as da nosa provincia, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación. Ante esa situación tan alarmante para Galicia e para a provincia de Lugo, facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade,

o Grupo Provincial do Partido Popular insta ao Pleno da Deputación de Lugo, a adoptar os seguintes acordos:

1º.- Declarar o apoio desta Deputación Provincial de Lugo, á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.

2º.- Declarar o apoio desta Deputación Provincial de Lugo, á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

3º.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia”.

Ante esta moción preséntanse dúas emendas, unha delas do Grupo Provincial Socialista e outra do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

Emenda de substitución presentada polo Grupo Provincial Socialista, que di o seguinte:

“1.- Instar ao Goberno do Estado a atopar fórmulas que permitan corrixir o problema creado en 2017 e poder liquidar o IVE pendente dese ano, se fose posible, a través do Orzamento Xeral do Estado de 2020.

2.- Instar ao Goberno do Estado a realizar unha reforma do financiamento autonómico e da Administración Local para garantir a autonomía e suficiencia das Comunidades Autónomas e dos Concellos, e singularmente Galicia.

3.- Demandar a aprobación, o antes posible dos Orzamentos Xerais do Estado para 2020, que permita normalizar a realción financeira entre a Administración Xeral do Estado, das CC.AA. e dos Concellos”.

Emenda de engádegas do Grupo Provincial do BNG, que di o seguinte:

“(…)

3.- Demandar a derogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora dos servizos públicos da administración galega e dos concellos, así como a inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Vaian as miñas primeiras palabras para todos eses veciños da Mariña que hoxe estiveron aquí manifestándose. Tamén lle vou dicir ó señor Presidente, igual que lle dixo o seu compañeiro Arias que o felicitou polo empaque desa situación, eu teño que dicirlle que levamos sete meses e xa levamos varios conflitos laborais que tivemos que sufrir aquí neste mesmo pleno, este mesmo cos traballadores de Alcoa, tamén cos traballadores de Suplusa, e os problemas tamén dos traballadores da limpeza; son sete meses, vostede foi sindicalista, e dende logo eu creo que non é para felicitarse senón que eu creo que máis ben é para preguntarse porqué están pasando estas cousas.

Señores Deputados da bancada da esquerda, di o refrán que non hai peor cego que o que non quere ver; e nesta moción na que solicitamos ó Goberno Central que devolva eses 370 millóns de euros que lle debe ós galegos pola devolución do IVE de 2017 e polos incentivos do 17 e do 18, imos ver se son capaces de quitarse esa venda nos ollos que lle colocou o Sr. Sánchez a todos vostedes con respecto a este asunto.

Porque ademais de non querer ver eu entendo que andan bastante perdidos neste asunto, e dígoos por unha cousa moi clara, andan perdidos porque no Parlamento de Galicia votan unha cousa, o Bloque vota a favor desta moción, imos ver que fai hoxe, pero é que votou en contra o día 11 ó Goberno do Estado dunha moción similar, que por certo defendeu un vivariense, un lugués, porque os Deputados de aquí en Madrid parece que só son do BNG, pois este é un lucense que



defendeu esta moción. Pero é que o Partido Socialista en Galicia abstense, pero despois chega o 11 de febreiro e vota en contra, ou sexa que eu creo que algo perdidíños tamén andamos.

Imos ver polo tanto a qué votan vostedes hoxe, se prefiren defender ós lucenses e os intereses de tódolos galegos, ou se prefiren facer o contrario como fixeron en Madrid, defender ó Sr. Sánchez e defender as desculpas da señora Ministra, a señora Montero, desculpas de mal pagadora, que ademáis anunciaba dun xeito tan infantil de que se esgotou a oportunidade de resarcir o pagamento porque tocaba no 2019; home, iso que nolo digan ós galegos que “agora xa foi, Marica non chores”, pois eu creo que non, ímos loitar e esperemos que non teñamos que chegar ós Tribunais pero a verdade é que me parece bastante duro dicir iso.

No caso do IVE son douscentos catro millóns de euros de tódolos galegos, que o Estado recadou, que non devolveu, e que o Goberno socialista se nega a pagar, a pesares de ter prometido no ano 2018 que así o ía facer.

En canto ós incentivos, é un caso tamén bastante increíble, porque polo bo desempeño fiscal dos anos 2017 e 2018 o Estado adebédanos outros cento setenta millóns de euros, chama polo tanto a atención que non se paguen os premios; facemos ben as cousas en Galicia pero non se pagan eses premios.

Son máis de 370 millóns de euros que están unidos ós dous mil cincocentos que fan o total que adebeda o Estado ás Comunidades Autónomas, dous mil cincocentos millóns de euros que se suman ós setecentos cincuenta millóns de euros que ademáis adebeda ós concellos. Non podemos esquecer que vostedes e nós somos concelleiros dos diferentes concellos que estamos pendentes tamén de cobrar, e lóxicamente queremos cobrar para facer servizos; non imos facer como fai o señor Arias que pide que lle dean máis cartos do Plan Marco pero o ano pasado déronlle 57000 e só gastou 44000, ou sexa que non foi capaz de gastar os 57.000. Nós pedimos cartos precisamente para dar servizo a todas esas circunstancias.

Pero qué ofreceu o Goberno para que renunciásemos a ese noso dereito e a toda esa débeda de autonomías e concellos?, pois díxonos: “temos aquí unha serie de medidas socialistas, de esquerda, que son moi interesantes, poden vostedes endebedarse máis, nós facilitámoslles un

crédito”, ou sexa endebedarse aínda máis. Ofrécenos tamén ampliar o obxectivo de déficit o dobre do previsto, tamén unha medida moi socialista. E ofrécenos tamén non computar ese IVE incumprindo o déficit; é verdadeiramente lamentable, vostedes van facer bon a Zapatero. Este Goberno premia ós que incumpren e ós rupturistas e castiga ós que cumpren coa legalidade a coas contas coma o Goberno galego.

Outro exemplo, harmonizar os impostos, impostos dos cales ten responsabilidade os gobernos autonómicos, pois vostedes queren harmonizar polo alto, ou sexa que eses cen mil galegos que agora non pagan o imposto de sucesións, porque outros fixeron mal as cousas, queren que así o fagan; vostedes igualan para mal como fan sempre os gobernos socialistas.

Dende logo que imos pedir o apoio desta cámara para que a Xunta de Galicia ante o Goberno de España ingrese as contías do imposto sobre o valor engadido, IVE, e as liquidacións correspondentes ó ano 2017 como consecuencia da implantación do sistema de información, e declarar o apoio desta Deputación Provincial de Lugo á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira que leva dezaioito meses sen reunirse”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor Castiñeira, vostede conta as cousas, e non lle vou dicir que minte pero contaas a medias, porque falaba da postura do Sr. Rego en Madrid e sabe que era por unha emenda que puxo, que vostedes nesta veñen corrixir e a facerlle caso ó Sr. Rego; entonces sabe porque votou en contra que era porque se quedaban curtos e non porque se quedaban longos na petición; entonces se vai contar a historia contea de forma completa.

Pero se imos á historia, nós estamos a favor de pedir ese diñeiro, pero sorpréndenos que veña do Partido Popular esta vehemencia en pedila cando o que permite que estea sucedendo isto foi unha Lei aprobada polo señor Rajoy, e co parabén do Sr. Feijóo; lembran cando se aprobou a Lei do IVE?, e ademáis co visto bo do Sr. Feijóo, cando era lesiva non só porque o Estado ten a capacidade de reter os cartos senón porque non tiña en conta o peso do avellentamento ou



disposición da poboación, e criterios que prexudicaban claramente a Galicia, e en cambio o Sr. Feijóo asinouno e deuno por bo no 2014; claro, facemos leis como aquelas e agora veñen estes problemas.

Eu non vou defender o goberno socialista porque fomos os primeiros en dicir que iso era inxusto e que o tiña que devolver, ese diñeiro é dos galegos e das galegas, niso estamos completamente de acordo; é máis, xa lles insistimos en que foran pola vía xudicial, pero xa moito antes, so andaban chorando polas esquinas e non facían nada. Que faga o Sr. Feijóo o que ten que facer que é defender a este país. Entón as críticas ó BNG, e que lle veñan a un nacionalista dicir que non reclama o diñeiro ó Estado central parece pouco serio que vostedes vaian por aí.

Pero tamén cos incentivos a cumpridores o único que facían era tratar de agochar os recortes, tratar de agochar que hoxe hai 148 millóns de euros menos na atención primaria, andaban con esas leis que os que cumprían, uns bos e outros malos, pero iso era para esconder os recortes. E montan aquilo para esconder os recortes, e daqueles polvos veñen estes lodos señores do Partido Popular; vostedes fixeron esa lei. Condenaremos ó goberno do Partido Socialista en que ten que aboar iso, pero se vostedes non tiveran modificado esa lei nestes termos hoxe non estaba Galicia neste problema. É ben clara a postura do BNG que defende outro sistema tributario, defendemos un sistema de financiamento coma o cupo vasco, aí non imos estar de acordo, pero en pedir isto si; pero non poden ser tan hipócritas de parecer que isto veu da nada.

Estano facendo mal no goberno de Madrid, moi mal, e estamos ó seu carón en defender pola vía sexa a xudicial, a política, e niso tivéronnos dende o minuto un ó seu lado, pero teño que recordarlles que é culpa dunha lei aprobada polo Partido Popular, e vostedes en ningún momento entran niso, de feito o Sr. Feijóo saíu alí alabando a xestión do Sr. Rajoy coa reforma do IVE; agora viron o que era esa lei que tanto aplaudían, agora critican ó Partido Socialista, con razón, porque retén eses cartos, pero é que o Partido Socialista se vostedes non aprobaran esa Lei non podía estar retendo ese diñeiro.

Polo tanto estamos con vostedes na reclamación, pero non na explicación que fixo; ademais, ó meu parecer, tivo a ousadía de falar de bos e malos, e de se eramos coherentes ou non; pero aprobar unha lei que permite o que está pasando e despois criticala iso non é coherente. E o

BNG estivo dende o minuto un reclamando ese diñeiro, íntegro, incluíndo a cláusula para bos cumpridores. Polo tanto, repito, estamos a favor de reclamar ese diñeiro, estivémolo sempre, antes ca vostedes, de feito non queremos que o Estado teña a competencia de reter o diñeiro dos galegos e das galegas, pero na análise de porqué estamos neste punto sáltanse partes da historia”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Eu creo que é preciso facer unha explicación breve da orixe deste conflito, porque hai que recordar que foi precisamente un Goberno do Partido Popular, co Ministro Montoro, o que en 2017 puxo en marcha este novo sistema de xestión do IVE, o subministro inmediato de información que, entre outras cousas, o que fixo foi ampliar precisamente o prazo para que as empresas liquidaran o imposto. Isto supuxo que a recadación de novembro, que normalmente se ingresaba no mes de decembro, se fixera en xaneiro e unha vez que estivera o exercicio pechado.

Como afecta este cambio ás contas públicas?, a verdade é que vostedes saben, e aquí moitos somos Alcaldes, que a contabilidade pública aplica o principio de devengo, e polo tanto contabilizamos os ingresos cando se xera a obriga e non cando se paga. Polo tanto as Comunidades Autónomas que cada ano reciben a metade da recadación do IVE pero que, para non ter que esperar ó peche do exercicio, o Estado lles adianta o que calcula que lles vai corresponder por este concepto, e liquida dous anos despois, cando se fai o cálculo do 2017, fíxose antes do cambio normativo, as Comunidades Autónomas recibiran todo o que lles correspondía en concepto dese adianto, o correspondente aos doce meses sen ter en conta o efectivamente cobrado que son os once meses, todos menos novembro.

Entonces xérase un conflito e efectivameante no ano 2019, cando é o momento de liquidar o exercicio do 2017 e facer o balance entre o que se adiantou e o que realmente se ingresou, as Comunidades Autónomas só podían computar os once meses pese a ter percibido os doce. Aínda así, as Comunidades non tiveron que devolver diñeiro ó Estado xa que ó incorporar todos estes conceptos a liquidación do exercicio foi positiva para as Comunidades Autónomas, aínda que en menor medida ca outros anos.



Pero houbo xa un intento de resolver esta situación, e foi precisamente o ano pasado co proxecto da Lei de Presupostos do Estado, para intentar modificar os prazos de pago de IVE das empresas de maneira que puntualmente e de forma excepcional no 2019 se recadara o importe equivalente do imposto a 13 meses para paliar ese mes que non se tiña percibido e compensar así as Comunidades Autónomas, pero efectivamente non houbo esa aprobación do Presupuesto e non puido levarse a cabo.

Por tanto eu creo que é convinte recordalo, porque dá a sensación de que o Partido Popular aquí non tivo nada que ver, e foi precisamente quen orixinou este problema.

O Consello de Política Fiscal e Financeira establece como as medidas o que vostede acaba de dicir, e sabemos que non se deixou de efectuar o gasto porque como se gasta en función do que un prevé ingresar con independencia de que se recade, é mentira que non se fixera o gasto, senón que o gasto está feito no 2017 e no 2018.

Dende o Partido Socialista presentamos unha emenda pola cal pretendemos instar ó Goberno do Estado e atopar fórmulas que permitan corrixir o problema creado en 2017 e poder liquidar o IVE pendente dese ano, se fose posible a través do Orzamento Xeral do Estado de 2020; instar ó Goberno do Estado a realizar unha reforma do financiamento autonómico e da administración local para garantir a autonomía e suficiencia das Comunidades Autónomas e dos concellos, e singularmente de Galicia; así como demandar a aprobación o antes posible dos Orzamentos Xerais do Estado para 2020 que permite normalizar a relación financeira entre a Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autóbomas e dos concellos.

Polo tanto creo que nós aquí debemos ter todos altura de miras, e teñen a oportunidade de que haxa un acordo o máis unánime posible para acadar o obxectivo que é buscar a fórmula que permita corrixir esta disfunción”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Moitas voltiñas lle dan, a culpa é do Partido Popular, moito hai que oír agora!; ou sexa que a culpa é do Sr. Montoro e do seu sistema de subministro inmediato de información, que foi un sistema revolucionario, que vostedes están usando agora e que non van derrogar, precisamente para mellorar o cobro do IVE, para evitar a burocracia en tódalas empresas, e para evitar o cobro de empresas defraudadoras.

Como vostedes falan do señor Montoro e do Goberno de Mariano Rajoy, isto é algo que hai que resolver, que vostedes tiñan que ter resolto no seu momento cos socios que os apoiaron na moción de censura, non foron capaces de aprobar uns Orzamentos onde deberían estar precisamente esas devolucións, que o Partido Popular lóxicamente votou en contra porque Galicia perdía un 20%, porque en Europa non querían nin velos, e porque os seus propios socios lles votaron en contra.

Eu a verdade é que non sei como teñen tanta cara, dicir que o causante desta circunstancia é o Sr. Montoro é increíble. Hai mecanismos para poder solucionar isto, debían telo solucionado xa hai moito tempo no ano 2019, e poden solucionalo no ano 2020.

Esta emenda que vostedes traen non nos vale, son as solucións que nos están dicindo, como imos endebedarnos?, como imos incrementar o déficit?; todas estas medidas que vostedes propoñen dende logo non lles valen ás autonomías que son cumpridoras. Mentres vostedes andan con outros gobernos, reunións bilaterais, por non dicir outras cousas tan graves como darlles a caixa da Seguridade Social ó País Vasco, iso fano de forma bilateral; ós cumpridores reúnenos a todos e fannos unha serie de propostas que non valen absolutamente para nada.

Levan dezaioito meses sen convocar o Consello de Política Fiscal, acaban de retrasalo agora ó mes de novembro; ou sexa non teñen idea de seguir co traballo que levaba feito no seu momento o anterior Goberno; están retrasando todo, só lles interesa negociar bilateralmente con gobernos que os apoiaron nesa investidura. Parécenos verdadeiramente lamentable porque os que cumprimos vémonos prexudicados en contra daqueles que queren separarse, ou daqueles que teñen mal as contas. E dicíámolo antes, intentar harmonizar os impostos e subírnos ós galegos para equilibrarnos co resto de Comunidades que non cumpren dende logo que non contan con nós.



Pero esa é a política fiscal da esquerda, desa bancada, nós preferimos menos impostos, preferimos cumprir as contas e non despois andar protestando por aí de todo aquilo que non damos feito. De verdade que esperaba outra cousa. Sr. Rivera, vostede que di que tiñamos unha oportunidade para non absternos e votar a favor, vostedes teñen agora unha oportunidade para a sensatez, é verdade que van votar unha cousa aquí diferente á que votaron en Santiago e á que votan en Madrid, pero si que é ben certo que eu creo que lles darían unha lección ós seus compañeiros en Madrid, e sería unha noticia moi boa para tódolos lucenses”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Ó Sr. Castiñeira non lle gusta que digamos que é culpa do Partido Popular, pero é; de feito o Sr. Montoro incluso fixo unha chantaxe igual que tratou de facer a Sra. Montero e que vostedes criticaron, coa ameaza de non pagar se non se aprobaban os Orzamentos. Están falando de comportarse diferente pero vostedes fixérono exactamente igual, crearon esa lei e despois ameazaron con que se non había Orzamentos tampouco había diñeiro para as Comunidades; entón nós iso temos que criticarllo, pero tamén criticamos a actitude do Partido Socialista, e é pública a nosa postura sobre iso, nós votamos en tódolos sitios o mesmo.

Pero tamén me parece curioso que vostede tilde de graves as negociacións do Partido Socialista co goberno vasco, porque o que están negociando é que se cumpra o Estatuto de Gernika que, entendo eu, non terá vostede nada en contra dos Estatutos, ou si?.

Entón nós propoñemos unha moción, e por certo que a nosa non fala da débeda, non lle sacamos nada da que puxeron vostedes, pero puxemos unha solución que é a que non lles gusta, e é que nós manexamos o noso propio diñeiro para non ter que depender de que nolo dean ou non nolo dean; nós cremos que Galicia é maior de idade, porque eu cando tiña dez anos pedíalle cen pesetas ó meu pai, pero agora teño o meu diñeiro. Pois trátase disto, Galicia é maior de idade e pode xestionar os seus recursos, e iso faino o cupo vasco e non pasa nada, nin se rompe a súa España nin nada.

Iso é o que nós defendemos, e con iso non estariamos nestes debates; pero vostedes iso non o queren, de feito sei seguro que se o Goberno que hai en España fora doutra cor vostedes agora non estarían nesta postura, porque non o estiveron antes.

Entonces nós, incluso aínda que non acepten a emenda, imos votar a favor porque evidentemente leccións de reclamar a débeda ó Estado a un Partido nacionalista non lla vai dar o Partido Popular, porque fomos os primeiros en defendelo e niso imos estar ó carón; pero temos que facer fincapé en porqué estamos nesta situación.

Por tanto, aínda que lle moleste, temos que criticar ó Partido Popular, pero imos apoiar esa reclamación porque é máis que xusta”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Indicarlle ó voceiro do Partido Popular, a pesares de que di que o Consello de Política Fiscal non se convoca dende o 2018, que eu creo que cando lles chegou esta moción a vosedes igual non se tivera convocado, pero celebrouse neste mes, e nel aprobáronse precisamente os índices da senda correspondentes ás autonomías. Polo tanto alí aprobouse, con 12 votos a favor e 5 en contra das distintas autonomías que enviaron ós seus Conselleiros de Facenda. Pero dende logo eu polo que non paso é porque agora vostedes pretendan ser o antibiótico cando foron e son a bacteria, foron e son a orixe deste problema.

Cando dicía que non era posible aceptar a emenda proposta polo Partido Socialista, e se refería precisamente ó acordado nese Consello, nós na nosa emenda a verdade é que non plantexamos nada diso, o que plantexamos é buscar fórmulas a través da aprobación da Lei de Orzamentos do Estado de 2020, como intentou xa o Goberno no 2019 e que vostedes decidiron non apoiar. Se vostedes no seu momento apoiaran e votaran a favor da Lei de Presupostos do Estado de 2019 seguramente non teríamos agora enriba da mesa este problema.

Con respecto ó que dicía na primeira intervención, que se me pasou comentar, facendo alusión ó Alcalde de Castroverde e ao sucedido de que non era capaz de gastar todo o diñeiro que a



Xunta nos dá ós concellos, parece mentira que vosgtede tivera sido Alcalde, porque sabe que a Xunta non nos deixa utilizar as baixas que se producen nas licitacións das subvencións que nos da ós concellos, a diferenza de que si o facemos os socialistas dende a Deputación de Lugo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“O que hai que oír!; ó final que se lle deban 370 millóns de euros a Galicia a culpa é do Partido Popular. Están acostumbrados a iso, están no Goberno e están acostumbrados a botarlle sempre a culpa incluso á oposición.

Vostede, Sr. Castro, fala de medias verdades, e leva sete meses aquí falando coa boca pequena só das cousas malas que ten esta circunstancia. Eu creo que aquí debemos estar todos, hai moitos servizos en xogo, é moito diñeiro, 370 millóns de euros é 4 veces o Orzamento da Deputación, fíxese vostede cantas cousas se poden facer con iso.

Eu creo que non debiamos banalizar estas circunstancias, a propia Ministra no seu momento dixo que o ía facer, que era posible, non foi capaz de facelo; agora ofrécennos unhas desculpas, entendo que de mal pagador, porque vostedes en funcións non podían facer absolutamente nada, pero agora que están gobernando tampouco fan nada por iso”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 14 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A ACEPTAR AS ALEGACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA E DOS TRABALLADORES DE ALCOA-SAN CIBRAO AO PROXECTO DO ESTATUTO DE CONSUMIDORES ELECTROINTENSIVOS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. ELENA CANDIA LÓPEZ, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a aceptar as alegacións da Xunta de Galicia e dos traballadores de Alcoa-San Cibrao ao proxecto do Estatuto de consumidores electrointensivos

Exposición de Motivos:

En toda a comarca da Mariña lucense e no conxunto da provincia causa profunda preocupación a proposta dada a coñecer polo Goberno central do Estatuto de Consumidores Electrointensivos, porque non recolle as medidas esenciais para garantir o futuro de Alcoa - San Cibrao, propostas pola Xunta de Galicia e polos representantes dos traballadores. Co actual contido do Estatuto, o Goberno central vai na dirección correcta só se quere pechar a industria electrointensiva galega.

É imprescindible un prezo estable e competitivo da enerxía eléctrica e precísase unha rebaixa do mesmo ata os 35-40 €/MWh. O Goberno central, presidido por Pedro Sánchez, leva máis dun ano para aprobar un Estatuto de consumidores electrointensivos e a proposta que acaba de presentar non da solución real ao problema do prezo da enerxía eléctrica, que pode acabar por provocar o peche de Alcoa-San Cibrao. Comunidades como Cataluña e País Vasco saen máis favorecidas que Galicia. Pasamos de 119 posibles empresas beneficiarias a 276 no borrador e 600 no actual (só 31 en Galicia).

É unha falta de respecto institucional e unha deslealdade con Galicia que o Goberno central non convocase á Xunta de Galicia á presentación da súa proposta de Estatuto.

As medidas avanzadas polo Goberno son insuficientes. Son as mesmas que se presentaron á mesa de traballo na que a propia Alcoa xa lle advertiu de que eran insuficientes.



Consideramos que Galicia precisa un prezo eléctrico competitivo e estable: rebaixar o prezo ata os 35-40 €/MWh para que a industria electrointensiva traballe en igualdade de condicións co resto de Europa. Este Grupo esixe ao Goberno que deixe de xogar cos traballadores, porque está en xogo o futuro de miles de familias. Tamén está en risco o futuro da industria enerxética en Galicia. O Índice de Producción Industrial na Enerxía caeu un -21,9% en Galicia por culpa da situación da industria electrointensiva e das térmicas. Sen o efecto da enerxía, o IPI en xeral medraría en Galicia un 1,7%.

Reclamamos que o Goberno central recapacite e no período de alegacións inclúa as propostas da Xunta e dos traballadores de Alcoa-San Cibrao para garantir o seu futuro. Os traballadores están seriamente preocupados e séntense en situación de indefensión. Periga o futuro de moitas familias e tamén periga o futuro da industria enerxética en Galicia.

Por iso, a apertura do prazo de presentación de alegacións fai urxente a adopción do acordo pola corporación provincial para que sexan tidas en conta as citadas propostas.

Entendemos que é preciso instar ao Goberno a reformar o Estatuto, con respecto ao proxecto presentado, de xeito que dea resposta ás necesidades de Alcoa-San Cibrao, unha industria fundamental para A Mariña, pero tamén para toda a provincia de Lugo.

Por todo elo, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción, para instar ao Goberno central a aceptar as alegacións da Xunta de Galicia e dos traballadores de Alcoa – San Cibrao ao proxecto do Estatuto de Consumidores Electointensivos, e propón o seguinte acordo:

Instar ao Goberno central a introducir no texto do Estatuto de Consumidores Electointensivos as propostas da Xunta de Galicia e dos traballadores e traballadoras de Alcoa - San Cibrao para conseguir un marco estable e competitivo que sitúe a esta industria de Lugo en igualdade de condicións co resto de competidores da U.E e garanta o futuro de Alcoa -San Cibrao”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Instar ao Goberno central a introducir no texto do Estatuto de Consumidores Electointensivos as propostas dos traballadores de Alcoa-San Cibrao para conseguir un marco estable e competitivo que sitúe a esta industria de Lugo en igualdade de condicións co resto de competidores da UE e garanta o futuro de Alcoa-San Cibrao”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Como lle dicía, Sr. Presidente, cando pedín intervir no inicio da sesión plenaria, este Grupo considera que a Orde do Día hoxe tiña unha razón bastante importante para alterarse, competencia que só a tiña vostede; porque nos parecía, e dentro dun escenario de consenso que entendo que debería ser así, o Comité representante dos traballadores e representante, porque non dicilo, das 5000 familias que neste momento viven unha situación de incertidume, de moita inseguridade, e que a medida que avanza o tempo, como lle explicaba ó Sr. Presidente na entrada desta institución, non cren en fotos nin en promesas baleiras, e o único que vale evidentemente é un instrumento que abarate o prezo da enerxía para que permita garantir a continuidade desta importante empresa da nosa provincia ubicada na Mariña.

E dicíallo tamén dende o máis profundo respecto institucional, porque creo sinceramente que o que nos están demandando tódolos traballadores e traballadoras de Alcoa ós políticos ou politiquillos de Lugo é unha unidade que se manifeste de maneira rotunda, e algúns evidentemente dixémolo moitas veces, e hoxe probablemente é o momento de incidir nelo, todo o mundo temos a mesma preocupación pero non todo o mundo temos a mesma responsabilidade. Aquí xa viñeron en moitas ocasións propostas para defender a continuidade de Alcoa na nosa provincia, todas elas ademáis se levaron con moita man esquerda por tódolos Presidentes, e teño aquí algunha iniciativa de cando presidía o Sr. Besteiro, por suposto algunha tamén cando presidía o señor Darío, e todas elas acadaron un consenso unánime, e sempre se fixo un esforzo con altura de miras por parte de tódolos Grupos Políticos.



Podemos mirar atrás, pero o importante é analizar o presente e, sen dúbida, o máis importante, que é o que queren os traballadores e o que queremos todos, é mirar ó futuro. E neste momento temos un documento, un instrumento normativo que, lonxe de mellorar, empeorou a situación que ten Alcoa, e iso tampouco o di o Partido Ppular, é indubidable que o subscribe e que o comparte, pero dio dun xeito moi claro hai cinco minutos a representante do Bloque Nacionalista Galego que facía un pouco de voceira no contexto de hoxe, e díno dunha maneira moi contundente os representantes dos traballadores.

Nós o que traemos hoxe aquí é unha moción que pide que se acepten as alegacións que o Goberno da Xunta de Galicia, que o Goberno de Asturias, que tamén os representantes da Comunidade Autónoma de Cantabria, e tamén os traballadores, presentaron ó texto que tiveron coñecemento recentemente, porque, como dicía, lonxe de traer certeza e aportar recursos suficientes para ter un prezo competitivo da enerxía, aporta incertidume e queda perfectamente cualificado como insuficiente.

E podía resumir basicamente qué piden estas alegacións; a inclusión do consumidor hiperelectrointensivo para que as empresas que máis consomen teñan máis compensacións no custo da súa factura eléctrica; bonificacións na tarifa para que as compensacións de cargos, peaxes e impostos permitan unha rebaixa media dos prezos eléctricos de 10€/kw fronte ós 2,5 de media que propón este Estatuto do Goberno, e no caso de Alcoa ademáis quedaría reducido a un 0,54; elevar as contías polos custes indirectos de CO2 ata o máximo legal, 300 millóns de euros anuais, fronte ós 172 comprometidos polo Goberno, e recuperar as poxas por interrompibilidade. Moi resumidas porque é un documento de 15 folios que tamén o temos aquí e que está subscrito, como dicía, polos propios traballadores.

Probablemente o que pasou con este documento é unha peaxe máis que hai que pagar a eses acordos de goberno do Presidente Pedro Sánchez, de feito das 119 empresas beneficiarias por este instrumento pasouse no borrador a 279, e neste momento chegamos a 600, co cal a tarta é a mesma, a situación na que queda esta empresa na Mariña que nos preocupa a nós, e non só na Mariña senón tamén noutras provincias de Galicia, quedan reducidas as súas expectativas.

Pero hoxe non é só unha declaración de subscribir unhas alegacións, que seguramente van compartir con nós porque, insisto, é o que piden os traballadores, é quizá pedir un plus máis, evidentemente o Presidente do Goberno estivo en Galicia esta fin de semana, e veu pedir apoio para un dos seus compañeiros, que vostedes tamén defenden a ultranza e apoian; eu o que lles pido é que Alcaldes do Partido Socialista, e nomeadamente vostede Presidente, dea un paso á fronte e lidere esas negociacións, e traia un resultado para a provincia.

Vostede dixo que chegara aquí para eliminar os circos, teño que felicitalo e non polo que dicía o Alcalde de Castroverde, pasou vostede un record, en seis meses nunca tantos líos houbo nunha institución provincial, alo menos dende o ano 2012, alo menos dende que gobernou o Partido Socialista. O Sr. Besteiro tivo unha manifestación do Breogán, o Sr. Darío tivo dúas manifestacións, dos bombeiros e dos veciños do Incio; e vostede vai pola terceira, e mire que pouco tempo leva. Pero este é un traballo de todos, e créame que con Alcoa non queremos política, con Alcoa e Lugo queremos compromiso, e queremos axudar; nós fomos na manifestación no 2012, fomos no 2016, e iremos no 2020, pero agora non chega cunha pancarta, agora necesitamos solucións Presidente, e vostede, que seguro que sabe e pode, e seguro que ademáis quere, debe asumir esa responsabilidade”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Comezando polo final da intervención da Sra. Candia, di que non queren politizar cando xa o están facendo na mesma redacción da moción. Díxoo agora ó final e eu ía comezar cun ton máis conciliador, pero como dixo iso tiña que poñer énfase niso.

É certo que estamos de acordo todos e todas en que hai que darlle unha solución a Alcoa. Tamén é certo, e non veñan con que os demais din que é sempre culpa do Partido Popular, que vostedes gobernaron en Madrid e xa había estes problemas en Alcoa; a crise de Alcoa non naceu onte nin hai un mes, levan moito tempo reclamando solucións para as electrointensivas en Galicia, e nese tempo que o levan reclamando vostedes tiveron gobernos, e nin a Xunta de Galicia enarbolou a bandeira de Alcoa nin o Sr. Rajoy propuxo un estatuto para as electrointensivas que solucionara o problema. Pero, como vostede ben dicía, é o pasado, e imos cara ó futuro.



É certo que incluso neste tema estamos de acordo en cal é a solución, porque as alegacións que fixo o Bloque Nacionalista Galego en Madrid son, non sei se iguais, pero moi parecidas ás que fixo a Xunta de Galicia, porque son as alegacións dos traballadores, que son os que coñecen de primeira man o problema e os que propoñen as solucións; e son solucións razoables, porque outras veces dísenos que son inventos, pero noutros países como en Francia, onde os salarios non son menos que aquí, compiten na produción do aluminio, entónces é certo que aquí podemos competir sen problema se nos damos unhas normas de xogo iguais. Entónces ata niso estamos de acordo.

Pero se vostedes veñen co de politizar eu entendo que aceptaran a nosa emenda porque só lle dá protagonismo ós traballadores que son os que fixeron o texto; o texto que defendeu o Bloque Nacionalista Galego e o texto que defendeu a Xunta de Galicia agora. Entónces espero que acepten a emenda porque si que é verdade que nos xogamos moito, tanto coma o futuro dunha comarca enteira, o que supón esa factoría para toda a comarca é que viva ou non viva, e sábeo calquera dos compañeiros Deputados que están aquí que sexan da Mariña, que eu non o son pero é evidente.

Entónces é certo que este é un tema moi serio, e no que estou completamente de acordo en que temos que estar todos na defensa, o meu Partido estivo dende o principio e vai seguir estando. Polo tanto, aínda que lle faga esa crítica de que vostedes puideron ter posto xa solucións, nós estamos por buscalas, imos mirar ó futuro; é verdade que non serve de nada analizar, serve politicamente, pero se lle tomo a palabra de non politizar imos deixar iso atrás e imos apoiar as alegacións dos traballadores, que son as que nós presentamos e as que van poñer solución ó problema, porque hai outras veces que hai problemas moito máis complicados, e en setores industriais hai veces que a solución non está clara, pero neste caso dase a boa causa de que hai solución.

Polo tanto, nós estamos na defensa das reivindicacións dos traballadores como estivemos dende un principio; por tanto nós esperamos que acepten esa modificación tomándolle a palabra de non politizar; estamos nun dos temas máis serios que afectou a esta provincia en moitos anos, polo tanto hai que poñerse todos a traballar para salvar esa situación porque senón morre parte desta provincia ou morre a provincia enteira”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Vaia por diante o absoluto e total compromiso na defensa dos postos de traballo de Alcoa, e por suposto dos intereses dos seus traballadores, algo que, tal e como acabamos de ver aquí, é compartido por tódolos integrantes desta Corporación. E penso que tamén van estar de acordo comigo en que necesitamos un setor industrial que sexa forte, que sexa dinámico, que sexa innovador en España e tamén en Galicia; e nese sentido, ben con erros ou ben con acertos, algo de todo habería, como sempre lle pasa a quen traballa, o Goberno de España leva xa 20 meses traballando na articulación dunha política industrial con visión de longo prazo e alineada tamén cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

Falaba a Sra. Candia da mesma preocupación pero con diferentes responsabilidade, e eu tamén me atrevo a dicir que con diferentes momentos, algúns vivíronos vostedes á fronte do Goberno Central e outros tócanlle agora ó Goberno de Sánchez. Pero hai que recuperar o tempo perdido durante os sete anos que estivo o Goberno do Partido Popular en Madrid, sete anos nos que a industria quedou relegada absolutamente a un segundo plano, por non dicir que foi invisible na acción de goberno de Mariano Rajoy, igual que acontece hoxe en Galicia co Goberno de Feijóo tal e como podemos ver coa falla e carencia absoluta dun plan de industrialización para o noso país, onde non vemos ideas propias da Xunta de Galicia porque evidentemente non as poden ter porque non hai plan de industrialización por parte do Sr. Feijóo para este país. A ausencia de política industrial cando vostedes gobernaron en Madrid é unha realidade que a industria coñece e recoñece, ó igual que acontece agora aquí no seu goberno en Galicia.

Durante o tempo que o goberno do Estado leva á fronte con capacidade limitada para tomar decisións, actuou con determinación, con constancia e con rigor, creo que iso é algo que non podemos discutir, e tamén con forza, coa mesma forza que vostedes, por certo a través dos seus compañeiros en Madrid, utilizaron para sometelo a un bloqueo político e orzamentario constante, intentando sacarlle rédito electoral, iso si, aquí en Galicia.

Hai un par de días Feijóo acentuaba o dramatismo e dicía que en once anos nunca vira tan preto o peche de Alcoa; o que non teño tan claro é se isto empeza a ser un desexo, é unha profecía



do Sr. Feijóo, ou xa empeza a picarlle o gustillo de certa satisfacción tamén, porque a vostedes hai que lembrarlles que aló polo ano 1998, sendo Presidente Aznar, vendeuse Alcoa, e aí xa empezou a pantasma da dúbida e do medo ó peche de Alcoa.

Pero claro, vostedes aí, o Partido Popular, non participaba nas manifestacións, que por certo xa había na Mariña, aínda que algún compañeiro seu si que o facía e pódese atopar na hemeroteca nalgunha imaxe, pero dende logo vostedes non o facían con tanto despregue nin con tanta vehemencia; a responsabilidade era outra, o momento era outro, non había un Presidente socialista a quen atacar en Madrid, nin o interese dunhas eleccións autonómicas en Galicia.

E non lles falo só do 1998 senón tamén de anos máis próximos cando o goberno galego, e a través daquela Delegada da Xunta, Raquel Arias, confirmaba que o Goberno bonificaría a tarifa de Alcoa. Ou mesmo podemos lembrar o compromiso de José Manuel Soria que dicía que o día 1 de xaneiro de 2013 habería un sistema que serviría para garantir a competitividade das seis plantas españolas da empresa Alcoa. Tiveron cinco anos para aproballo e non fixeron nada. Critican hoxe a un goberno porque quere dar un marco de seguridade e certidume á industria electrointensiva, e eu insisto, con acertos ou con non tantos acertos, pero o certo é que con traballo, con propostas enriba da mesa, cando o Partido Popular podería dicirme vostedes que ferramenta deixou enriba da mesa para tratar este asunto?, que fixo o seu goberno do PP?, o único que se me ocorre dicirlles é aquela interrompibilidade, vostedes sabían de antemán que ía desaparecer.

Todos sabemos, e somos conscientes, Sra. Candia, da necesidade que temos hoxe en día na provincia de Lugo; e sabemos tamén que a industria electrointensiva leva moito tempo demandando un marco enerxético estable para poder competir. Durante anos o goberno do Partido Popular fixo oídos xordos, pero en todo caso era necesario e inaprazable que o goberno actual se defina e caracterice ó consumidor electrointensivo, como vostedes non o fixeron evidentemente tócalle ó goberno de Sánchez.

Agora o texto do Real Decreto do Estatuto acaba de finalizarse nesa fase de audiencia pública, comezaron xa a analizarse as alegacións, e nós estamos de acordo en apoiar as alegacións dos traballadores, vaia iso por diante novamente. E como tamén cremos que auga pasada non move muiños, vimos de presentarlles, como xa referiu o meu compañeiro Efrén, unha emenda

simplemente para evitar esa politización que vostedes din que non é convinte neste momento, sumándonos ás alegacións presentadas polos traballadores e pedindo que retiren simplemente a propaganda institucional que lle corresponde á Xunta de Galicia.

Saben tamén que presentamos unha moción de urxencia no día de hoxe, na que propoñemos exactamente o mesmo punto de acordo que vostedes traen a Pleno nesta moción. Sobra dicir que se aceptan a emenda retiraremos inmediatamente a moción de urxencia para ser debatida”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Mire, dicir que hai ánimo de consenso cando se rexistra unha moción de urxencia na mesma mañá, e probablemente simultáneo á entrada das persoas que se manifestaban defendendo os seus dereitos, para non votar a proposta que traía o Partido Popular, como mínimo xera desconfianza.

O texto que presenta o Partido Popular é o mesmo que presentaron na Mancomunidade que acordaron tódolos compañeiros o voto unánime, ben é certo que entre o pleno da Mancomunidade e este pleno houbo unha diferenza, é que o Goberno da Xunta de Galicia, non o Partido Popular, reuniuse cos traballadores, e entre eles acordaron facer unha fronte común sumando Asturias e Cantabria; é a única diferenza pola que non reproducimos o texto da Mancomunidade; esta mesma mañá consensueino co Presidente e efectivamente me confirma que decidiron facer esa fronte común porque entendían que tiña máis forza a nivel institucional, así llo entendín e, con toda a discreción e prudencia, tamén o reproduzo aquí. E esa é a diferenza que hai entre o pleno da Mancomunidade e o de hoxe.

Diciálle que esta Corporación leva falado moito de Alcoa, probablemente agora toca menos falar, porque tamén terán que recoñecerme que a situación á que se chegou agora, incluso co peche de cubas, que só se producira cun accidente cando o Casón, nunca se chegou a ese punto de non retorno.



A situación é indubidablemente peor ca nunca, e no seu momento, cando por exemplo o Presidente Gómez Besteiro pedía unha nova tarifa eléctrica, e teño aquí unha nota de prensa de setembro do ano 2012, dunha maneira bastante áxil tiñamos contestacións, e vou reproducir alguna de representantes de sindicatos, por exemplo do líder de UXT, que dicía: “Rajoy me trasladó su compromiso de resolver lo de Alcoa y de Megasa.

Probablemente non sexa unha solución definitiva, senón hoxe non estaríamos falando disto, pero o que é indiscutible é que o Presidente do Goberno por aquel entonces asumiu en primeira persoa as negociacións coa multinacional, desprazouse no medio de transporte que necesitou, e dunha maneira bastante áxil e con contundencia, trouxo unha resposta. Igual que fixo o Presidente da Xunta cando requirían un gaseoducto, que indubidablemente a inversión na Mariña foi francamente importante, e os traballadores e traballadoras así o coñecen e así o respectan.

Pero agora non vale un twit, non basta con que vostede diga que apoian as alegacións, agora o que nós pedimos é que os que piden os votos para Caballero, que antes o pediron para Pedro Sánchez, e permítanme, con todo o afecto ó representante do BNG, vostedes dixeron ós galegos e ós veciños desta provincia que apoiaban a Pedro Sánchez co compromiso de solucionar a AP-9 e o problema de Alcoa; entonces vostedes teñen moita forza en Madrid, e dígoo con admiración e respecto, fágana valer, non chega un twit, non chega dicir que estamos nunha manifestación.

Vostedes están gobernando en Madrid, e agora indubidablemente a quen lle toca dar a resposta é en primeiro lugar ó Presidente do Goberno, que por certo non está nin se lle espera, agardo que veña en campaña electoral dicirlle a solución ós veciños da Mariña, e dígollo porque xa non lle vou facer o comentario de que algunha persoa do Partido Popular queira que peche, iso dio dende a frialdade, dende a lonxanía, e dende logo dende o calor dun sillón político e non dende unha persoa que coñece a provincia e que quere a provincia. Son 5000 familias que neste momento teñen en dúbida o seu futuro”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sorpréndeme Sra. Candia, evidentemente o noso Deputado en Madrid ten a forza que ten unha persoa, vostedes teñen dez; é certo que uns adícanse a defender a Galicia e outros non, pero evidentemente nós imos esixir que se cumpran os acordos que teñen firmados con nós, niso non imos dar un paso atrás. Pero tamén vai nese sentido a nosa proposta de emenda porque ó que si que nos negamos nós é a recoñecer aquí que fora a Xunta de Galicia a que liderou esta batalla, porque non foi, estivo ausente durante moito tempo.

Porque isto non é un problema de agora, vostedes din que está peor ca nunca, pero se esperamos sen facer nada vai estar aínda peor, porque cando se vén os problemas é cando hai que reaccionar, e nin o goberno de Madrid nin a Xunta de Galicia foron os que lideraron esta loita, senón que foron os traballadores e traballadoras de Alcoa. Por iso a nós nos parece moito mellor a redacción onde se poña “os traballadores de Alcoa”, porque non foi a Xunta de Galicia, non foi o Sr. Feijóo, o Sr. Feijóo estivo ausente durante moito tempo, porque como dicía este problema non vén dende hai un mes, nin tres, senón que vén de hai anos, xa houbo problemas coa factoría na Coruña e agora acabaron salpicando aquí; e veñen vostedes agora con isto de poñer á Xunta de Galicia para máis forza, pois a nós iso non nos vale porque é facer ver que aquí o que se puxo a capa da defensa de Alcoa e da defensa do país foi o Sr. Feijóo, e non o foi, chegou tarde cando viron as urxencias .

Polo tanto eu creo que é de sentido común que acepten darlle protagonismo ás traballadoras e traballadores porque foron quen o tiveron, nin sequera lle vou dicir que o BNG leva moitos anos nesa loita, porque os que levan moitos anos nesa loita son os traballadores; porque senón tamén teríamos que poñer aquí que fagan caso das propostas do Bloque Nacionalista Galego, da CIGA, e doutros sindicatos que tamén fixeron alegacións, pero eu creo que é máis razoable darlle o protagonismo a quen o ten, porque todos os demais fomos ó remolque das peticións dos traballadores e traballadoras ou respaldándoas, e creo que é o que pretenden facer vostedes agora.

Entonces eu creo que é normal que acepten esa emenda, e que busquen un consenso; e a moción non é tratar de desconfiar do consenso, a moción é por se acaso non aceptaban a emenda para deixar clara a postura do goberno, pero se aceptan a emenda evidentemente non ten sentido e retírase. Pero creo que están tratando de atribuírse un protagonismo que non o tiveron historicamente, e ademais quen o sofre e quen o defenderon coas súas loitas na rúa e as protestas de



hai moitos anos son os traballadores, polo tanto o que queremos poñer é o acento niso, e todos nós poñernos ó carón dos traballadores e traballadoras para defender Alcoa e para defender esta provincia”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sra. Candia hai unha cuestión que sinceramente non lle podemos aceptar, que se dirixa a nós dicindo que falamos dende a frialdade, dende o descoñecemento; non é certo señora Candia, vostede sabe igual cá nós, ó mellor vostede coñece máis de cerca o problema porque é da Mariña, pero o sentimento é o mesmo, todos sabemos o que é ter xente no paro na casa, algúns máis ca outros seguramente.

Dito isto, a mín gustárame incidir no que nós traemos a Pleno que é unha emenda para retirar esa parte de promoción ou de vínculo institucional directo á Xunta de Galicia, para darlle total protagonismo ás alegacións presentadas polos traballadores. Pero isto non é que o inventemos nós porque nos pareza que podemos entender a presión que pretenden exercer, máxime estando na entrada dunha campaña electoral, senón porque o propio Feijóo recoñecía en declaracións ós medios de comunicación que viñan de facer propias, de sumarse, de recoller, as alegacións presentadas polos traballadores de Alcoa, nada máis.

Por iso non entendemos que vostedes neste caso non acepten a emenda que propoñemos, podemos ir todos da man, sumando, sen ningún problema; estamos de acordo en reivindicar os dereitos dos traballadores de Alcoa. Polo tanto non vemos que nese sentido poida haber ningunha fisura nin ningún tipo de dúbida.

E tal e como lle acaba de explicar o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, a moción que presentamos con carácter urxente era simplemente para manifestar claramente no caso de que vostedes non aceptaran esta emenda, cal é o posicionamento do Goberno que, como lles dixen eu e lles acaba de dicir o voceiro do BNG, non ten sentido se vostedes aceptan a emenda. Polo tanto nós votaríamos a súa proposta.

Nese sentido pouco máis lle temos que dicir, deixemos xa aparte o esforzo que fixemos uns ou non fixeron outros durante etapas pasadas de goberno, e como vostede ben di poñámonos a traballar na defensa dos intereses de Alcoa. Cando na Mariña aprobaron esta emenda proposta igualmente polo Grupo Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego é certo que esa reunión de Feijóo co comité de empresa non se producira, pero tamén son certas as declaracións de Feijóo que lle acabo de dicir aquí, e vostede leunas coma mín, e seguramente as coñecerá mellor porque terá recibido explicacións de primeira man.

Para nós o importante neste caso é defender coa máxima forza os intereses dos traballadores de Alcoa, e estamos convencidos de que a mellor fórmula é saír nunha primeira votación conxunta co apoio unánime de todos, a partires de aí a decisión é súa, a xente xa sabe que nós estamos dispostos a instar a un Goberno da nosa cor política, dispostos a defender os intereses desta provincia diante dun goberno da nosa cor política, teñen vostedes a oportunidade agora de demostrar se están dispostos non a defendelo diante dun goberno seu senón a ceder ese protagonismo única e exclusivamente en beneficio dos traballadores e traballadoras de Alcoa”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Non sei se hai unha parte que non entenderon, pero a proposta de acordo o di claramente, “instar ó Goberno Central a introducir no texto do Estatuto dos Consumidores Electointensivos as propostas da Xunta de Galicia e dos traballadores e traballadoras de Alcoa-San Cibrao”, iso é claro, a proposta é perfectamente consensuada e aceptada por tódalas partes; agás que vostedes queiran, como aquí non lle poden dar moita batalla ó Presidente da Xunta, facer política novamente con esta problemática tan importante.

Por outra parte esta moción está rexistrada en tempo e forma dende a semana pasada, porque este Grupo que represento levamos demostrado nesta Corporación bastante capacidade de diálogo e bastante entendemento en cousas moitísimo máis complicadas.

Esta proposta está falada co Presidente do comité, está falada cos Alcaldes dos dous concellos máis afectados, está falada coa Xunta de Galicia, e non sei con quen máis podemos falar.



Creo que é moi difícil, recoñezo o traballo dos traballadores, non atenta contra ninguén, creo que máis esforzo pola nosa parte pedímoslle que a tratara ó principio do Pleno para buscar un consenso e dicirlllo ós traballadores sinceramente, e dígollo coa man no corazón, eu non entendo votar en contra esta proposta, porque é absolutamente respectuosa con todos e recolle o sentir e a fronte común, a unidade da provincia, para pedir o que Alcoa necesita, e dígollo dende o maior respecto e co maior afecto”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Creo, dona Elena, que non está acertada no que está dicindo, e dígolle porqué. Se o que fai a Xunta é sumarse ó dos traballadores, e vai da man de Asturias e Cantabria, ata podemos recoller as Comunidades Autónomas de Asturias, de Galicia e de Cantabria; pero vostede pón aquí a Xunta en primeiro lugar cando realmente os primeiros son os traballadores”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Vostede está pretendendo facer unha emenda de engádegas incluíndo ó goberno de Asturias e ó de Cantabria, pois súdeo, aceptámolo perfectamente, porque recolle a realidade tamén; e se quere poñer diante ós traballadores tamén estamos de acordo, pero é a realidade, é un documento que nós non fabricamos, é unha situación de feito coñecida por todos”.

A continuación intervén o Sr. Presidente para dicir o seguinte:

“Non estou dicindo iso, estaba a poñerlle un exemplo. De todas maneiras a señora Vicepresidenta suxire aquí un pequeno cambio na proposta posto que se fala sempre de “traballadores”, e aí tamén hai mulleres, polo tanto poñer “traballadores e traballadoras”. Pero como non acepta a emenda xa non procede”.

Seguidamente pide a palabra o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, séndolle concedida polo Presidente, para dicir o seguinte:

“Quixera pedir un receso, porque nós contabamos con que se aprobaba, para falar co meu Grupo sobre a nosa postura”.

O Sr. Presidente acepta a petición do Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto manifestando que concede un receso de tres minutos.

A sesión plenaria queda suspendida ás catorce horas e dezasete minutos, reanudándose de novo ás catorce horas e vinte minutos.

O Presidente dálle a palabra ao Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Dada a importancia desta votación, e tamén para explicar a petición de receso. Falabase de non politizar e a nosa proposta era nese sentido, pero entendendo a gravidade desta situación, e aínda que cremos que poñer aí a Xunta de Galicia é arrogarse un oportunismo que non tivo no seu momento porque chegou tarde. Pero, como falabamos antes, estémonos xogando moito e moi importante, nós, sen entrar no xogo do Partido Popular de andar politizando, en aras diso imos votar a favor”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Incidindo no que acaba de dicir o compañeiro de goberno Efrén, os socialistas e neste caso o Bloque Nacionalista Galego, si somos capaces de antepoñer os intereses dos traballadores de Alcoa ós intereses propios, como fixemos en moitas ocasións e levamos demostrado neste Pleno, señora Candia, e imos apoiar a súa proposta, defendendo únicamente e unha vez máis os intereses dos traballadores e das súas familias, e marcando unha clara distancia co Partido Popular que, tal e como quedou aquí demostrado, só antepuxo o nome do Sr. Feijóo enmascarando a través da propaganda institucional da Xunta de Galicia”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:



“Aí estivo o erro; nesta proposta leva o logo do Grupo porque é o que representa aquí, pero esta proposta é a dos traballadores. E probablemente, agradecendo dunha maneira sincera o sentido do seu voto, sexa dos principais acordos que se teñan nesta Institución, pero todo será un papel mollado se vostedes, que teñen a responsabilidade do goberno, non conseguen que isto efectivamente sexa unha realidade e que o Presidente do Goberno acepte as alegacións.

É un trámite, é un pequeno paso, e permítame agradecerlles ese esforzo, pero créanme que non se están alonxando da súa proposta; estamos no mesmo barco, onde está o traballo é fóra de aquí, e indubidablemente a responsabilidade, como vostede ben dixo, é dos socialistas, e por suposto apoiados polo Bloque Nacionalista Galego que as matemáticas fixeron que fora determinante, e que esperemos encontrar nel tamén un aliado. Sen ningunha acritude, o noso agradecemento”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Tendo en conta que me interpelaron tres persoas do Grupo Popular, se non recordo mal o Sr. Baamonde, o Sr. Castiñeira, e por suposto dona Elena, teño que dicirlles algunhas cousas.

Pero antes diso, efectivamente este é un tema moi serio, e si que me gustaría dicirlle a un Deputado do Grupo Popular que anda por aí con twits difamatorios, mentirosos, porque Sr. Poy, se quere adicarse vostede á farándula adíquese, é o seu problema, pero o que non pode é mentir descaradamente cando todo o mundo que estivo aquí viu outra cousa; vostede anda publicando polas redes dicindo que non recibimos ós traballadores, concretamente di vostede que hai que baixar á terra, e traballar pola xente, supoño que falando por vostede, “mentres se negan a facilitar a presenza dos traballadores no Pleno”; creo que está gravado, e que dixeran claramente que os traballadores, non só o comité, todos, podían asistir ó Pleno, o único que teñen que facer é o que di a Lei, gardar silencio e non poñer pancartas, iso foi o que dixeran; polo tanto non minta vostede, porque senón a súa credibilidade acabará como acaba, e iso non é de recibo nun tema tan serio señor Poy. Pero, como di o Sr. Presidente da Xunta de Galicia, alá vostede.

Antes dicía un compañeiro seu que Alcoa era a cousa máis importante para a provincia de Lugo, evidentemente Sr. García, sen dúbida é das cousas máis importantes que nos ocupan neste momento, se non a máis importante, e dende logo pola nosa parte está sendo así, pode non gustarlles pero está sendo así. Pero tamén lle quero dicir señor García que non sempre foi así, e cando un bota man das hemerotecas ó que estivo antes non lle gusta pero a vida é a que é; no ano 2012 a Delegada da Xunta en Lugo, dona Raquel Arias, fixo unhas declaracións dicindo que o Goberno ía bonificar a tarifa de Alcoa, e nunca se fixo, iso é un compromiso dunha Delegada dun goberno autonómico.

E no ano 2012 o Ministro de Industria, o Sr. Soria, coñecido despois por outras cousas pero daquela era Ministro de Industria, dixo xustamente en Alcoa, na fábrica de San Cibrao, que antes do un de xaneiro do ano 2013 habería un sistema que serviría para garantir a competitividade das seis plantas españolas da empresa Alcoa. Antes falaba alguén de promesas baleiras, eu tampouco as quero, pero isto que foi?, cal é a realidade?. A realidade é que vostedes agocháronse e non resolveron o problema, tiveron vostedes cinco anos para solucionar ese problema porque estiveron no goberno, e non o fixeron.

Vostedes fíano todo ó mercado, as bondades do mercado, pero cando o mercado nos golpea, como é o caso, entón a culpa é dos demais se non gobernan, e se gobernan é o mercado, a economía libre!, a democracia!, e iso non é así; pero se non gobernan a culpa é de quen estea gobernando.

Vostedes a Alcoa, e dígollo con total sinceridade e con total respecto a que cadaún faga os actos absolutamente onde queira, para iso estamos en liberdade e en democracia, foron facer fotos nada máis, e a facer declaracións incendiarias, porque un Presidente dunha comunidade autónoma non pode andar dicindo que el só ve que está morrendo, ollo! aínda que haxa risco non o pode dicir, hai cousas que un gobernante non debe dicir.

E onde está o plan industrial de Galicia da Xunta?, cando no artigo 30 di claramente quen é o competente en materia de industria, e a Constitución está moi ben cumprila, aínda que por certo non a votaron, pero o Estatuto de Autonomía de Galicia hai que cumprilo ou non?. E se houbera ese plan que lle digo sería bo para Galicia e polo tanto nalgunha medida sería bo tamén para Alcoa.



Mire, o goberno vasco, que non está presidido polo Partido Socialista nin polo Partido Popular, si que se implica coa súa industria, cousa que a Xunta de Galicia non fai, e voulle dar un dato porque como estiven no Parlamento algo diso sei, e ademáis tocoume analizar nalgunha comisión este tema; como é posible que cada ano o Sr. Feijóo deixe de inxectar á economía galega entre o 30 e o 40% dos fondos do IGAPE que non executa cada ano?, que son moitos millóns de euros que non se están utilizando en beneficio da industria de Galicia, e unha desas que se podía beneficiar posiblemente fora Alcoa como ocorre en Euskadi.

Falabamos antes do señor Soria, fixeron vostedes o regulamento nestes cinco anos?, non, agora hai un regulamento que acaba de estar en exposición pública, que haberá que mellorar, eu díxenllo esta mañá ó presidente do comité e ós medios de comunicación, claro que creo que hai que mellorar ese Estatuto, pero alo menos hai un estatuto; e agora toca negociar, díxoo hoxe moi ben o presidente de Asturias nunhas declaracións que fixo a algúns xornais galegos, agora toca facer unha negociación discreta entre tódalas partes implicadas, Comunidades Autónomas, empresa, traballadores, e Goberno, e de aí sacar un acordo satisfactorio para todos.

E iso é o que apoiamos nós, é o que piden os traballadores, que iso teña unha solución e que as persoas que alí prestan o seu servizo e as empresas auxiliares, porque vostede fala aquí de 5000, hoxe cinco mil non traballan en Alcoa desafortunadamente, pero si é verdade que poden estar afectados 5000 postos de traballo que directa ou indirectamente dependan de Alcoa. Mire, cando votedes gobernaban, que eran tan bos, compensábase o CO2 con seis millóns de euros, o actual Goberno cento setenta e dous, fíxese vostede o cambio, iso si, os cento setenta e dous non valen e os seis eran magníficos!.

A diferenza é evidente, nós damos a cara ás duras e ás maduras; eu sabía que hoxe me ían berrar en contra do Partido Socialista, pero hai que estar con eles porque teñen un problema e hai que entender a súa rabia. Polo tanto dámos a cara sabendo que hoxe me ía tocar escoitar cousas que non me ían gustar, pero é que vostedes cando é así xa non van. Pero hai unha cousa que é curiosa, isto que están facendo vostdes é claro populismo, iso si, chámanlle populistas ós demais.

E dende logo nós apoiamos, e quero deixalo moi claro, o Goberno do noso Presidente, apoiamos con total claridade ós traballadores e a continuidade de Alcoa, que non quede ningunha

dúbida, e dende logo estou convencido de que o regulamento se vai mellorar, se vostedes queren axudar e cooperar moito mellor, e se non estou seguro de que o farán igual entre o Goberno, as Comunidades Autónomas, os traballadores e a empresa.

E para rematar, o Sr. Castiñeira falaba antes dun recordo ós traballadores de Alcoa, eu tamén o tiven ó principio, estou de acordo con vostede, pero eu tamén quero acordarme aquí dos miles e miles de galegos e galegas que saíron á rúa hai pouco tempo a demandar unha sanidade pública como a que merecemos tódolos galegos, porque hai xente que o está pasando mal, xente enferma; polo tanto temos que acordarnos todos de todos.

Eu, Sra. Candia, agradézolle de verdade as felicitacións que me fixo antes, falaba vostede das felicitacións do Sr. Arias, das súas, e eu agradezoas todas, adiviño que son todas con boa intención. Os traballadores piden unha cousa, eu entendo que razoable, porque aquí dixéronse algunhas cousas que non son correctas; eu estiven nunha reunión con eles, co comité de empresa na fábrica de Alcoa, e alí escoitei persoalmente que eles querían situar o prezo do megavatio entorno ós 40 euros, se era por debaixo mellor, pero entorno ós 40 euros valíalle á empresa, porque iso lle permitiría asinar os PPAs que lle chaman eles en relación coas enerxías renovables.

Polo tanto imos traballar por iso, porque se Alcoa consome entorno a 3,5 millóns de megavattios/hora a 8 euros estamos falando aproximadamente de 30 millóns de euros; pois eu entendo que é posible negociar neses termos, e dende logo imos loitar por elo, e non se preocupe que tampoco vou eu sacar aquí a bandeira de que fomos nós quen o conseguimos, senón que seremos todos os que o conseguimos.

Falaba vostede de líos, eu non sei o que entende vostede por lio pero estou seguro de que se facemos unha enquisa na provincia de Lugo non hai ninguén, ou moi poucos nunha porcentaxe mínima, que diga que aquí hai líos, afortunadamente para todos, para os do Partido Popular, para o Partido Socialista, e para o Bloque Nacionalista Galego, afortunadamente para todos e para a Institución.

Dicía vostede que eu xa tiven tres manifestacións, don Darío Campos tivo unha, e outra o Sr. Besteiro; eu non dou fe de que tivera tres manifestacións; eu estou seguro de que son culpable



de moitas cousas, pero de organizar manifestacións en contra da Deputación seguro que non son culpable. E a técnica da Sra. Candia de falar mentres falo eu é moi boa técnica, eu xa a coñezo, é moi antiga, xa vén dende o Senado romano. Pero eu non sei se vostede pode decir o mesmo, Sra, Candia, eu non son culpable de organizar ningunha manifestación en contra da Deputación, pero non sei se vostede pode decir que non é culpable de impulsar algunha mobilización, e non estou falando dos traballadores de hoxe.

Dito isto, porque vostedes me interpelaron, sometemos a votación a proposta do Partido Popular de instar ó Goberno Central a introducir no texto no Estatuto de Consumidores Electointensivos as propostas da Xunta de Galicia e dos traballadores de Alcoa-San Cibrao, para conseguir un marco estable e competitivo que sitúe a esta industria de Lugo en igualdade de condicións co resto de competidores da Unión Europea que garanta o futuro de Alcoa-San Cibrao.

No caso dos traballadores tiñamos quedado en que era “traballadores e traballadoras”. Con ese texto sometemos entón a votación esta moción”.

Rematado o debate, unha vez aceptada polo Grupo Provincial do Partido Popular a emenda *in voce* formulada pola señora Vicepresidenta en relación coa linguaxe inclusiva, consignándose por tanto na proposta onde di “traballadores” diga “traballadores e traballadoras”, e efectuada a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á moción presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta e un de xaneiro de dous mil vinte, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0001 ao 0297. O Pleno da Corporación queda enterado.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai dúas preguntas formuladas polo grupo provincial do partido popular, e un rogo, ós que se vai dar resposta a continuación.

P R E G U N T A S

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á estrada provincial LU-P-0707 Armesto-Torés-Nogais.

Intervén, para formular a Pregunta, o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“No Pleno celebrado o 29 de outubro de 2019 este Grupo presentou un Rogo para que se realizasen obras de mellora e acondicionamento na estrada provincial LU-P-0707 Armesto-Tores-Nogais, concretamente dende o p.k. 7 ó p.k. 16, un tramo en moi mal estado.

Si é certo que se realizaou un lixeiro rebacheo nesta carretera, pero continuamos practicamente cos mesmos problemas, un firme en moi mal estado, moi gastado e cunha cantidade impresionante de derrubes na estrada a consecuencia dos temporais do ano pasado xa dende o inverno, que non se retiraron en ningún punto.

Entonces quería saber se hai algo previsto para realizar a obra de reacondicionamento nunha carretera que é moi importante para o concello, e presenta un estado de desgaste moi avanzado”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“A estrada á que fan referencia que vai de Armesto-Tores-Nogais é intermunicipal con Becerreá, e foi ampliada e refeita con aglomerado en quente nunha lonxitude total de 6 quilómetros, dos que tres se acometeron no concello de Becerreá e tres no de As Nogais. Concretamente en As Nogais chegou ata o pobo de Tores, e iso foi con cargo ó orzamento ordinario.

No resto da estrada, no concello de As Nogais, que deben ser arredor de 9 quilómetros, seguramente vostede o saberá mellor ca min, fíxose un plan de rebacheo con aglomerado en frío completo, que permite un tránsito para os usuarios absolutamente aceptable máis aló dos labores que haxa que facer de mantemento e conservación, e o seu estado neste momento non presenta ningún tipo de risco en canto a firme para os usuarios”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación coa utilización da maquinaria por parte de Tragsa para labores de mantemento de zonas verdes.

Intervén, para formular a Pregunta, o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para decir o seguinte:

“Dende os primeiros días do ano 2020 a empresa pública Tragsa está a realizar traballos no mantemento das zonas verdes da Deputación Provincial de Lugo en base a un Decreto da Presidencia e posterior acordo da Xunta de Goberno.

Dende o primeiro momento a empresa Tragsa está a utilizar maquinaria, pás, retroexcavadora, e outra serie de maquinaria que pertence a Suplusa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

En base a qué informes xurídicos, ou título da propiedade, ou acordo da comisión liquidadora de Suplusa, o señor Presidente da Deputación permite que a empresa Tragsa utilice a maquinaria de Suplusa?”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, para decir o seguinte:

“O medio propio da Deputación Provincial de Lugo, Tragsa, utiliza maquinaria e o resto de elementos materiais adscritos á actividade de mantemento de zonas verdes da Deputación de Lugo, con base ós informes obrantes no expediente do encargo realizado, e con base á relación de medios materiais e persoais elaborada pola comisión liquidadora de Suplusa que lle serviu como base.

Ademáis de todas estas cuestións, Sr. Poy, vostedes, o Grupo Provincial do Partido Popular, xa pediu e se lle facilitou o expediente completo dese encargo realizado a Tragsa no que constan eses informes, e así mesmo se facilitou o expediente de adquisición da acción de Tragsa por parte desta Deputación, ademáis de ter acceso, como temos o resto de representantes dos distintos Grupos, na comisión liquidadora da sociedade”.

R O G O S

Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación coa estrada LU-P-1106.

Intervén para realizar o Rogo, o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Este é un Rogo relativo a unha estrada que hai no concello de Pastoriza, a LU-P-1106, de titularidade provincial, que comunica a parroquia de Xemil, preto de Bretoña, co Campo do Oso, que se atopa nunha grave situación de deixadez que supón un problema para a circulación de vehículos, e sobre todo afecta a numerosos veciños e veciñas que fan uso desta estrada porque da acceso a numerosas parcelas de explotacións gandeiras da zona; e ademáis de ser a principal vía de comunicación do municipio con outros limítrofes, e con outras estradas, incluso coa autovía A-8. O



noso Grupo presenta este Rogo en solicitude de que se realicen de forma urxente as obras necesarias de mellora e acondicionamento da estrada provincial LU-P-1106”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Moitas grazas Sr. Balado, e recollemos o su Rogo”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.